



Fundación EUGENIO GRANELL

FUNDACIÓN EUGENIO GRANELL

ORZAMENTO EJERCICIO 2025

1.-PLAN DE ACTUACIÓN 2025.

2.- DESAGREGACIÓN DA PREVISIÓN DE BALANCE E
INGRESOS E GASTOS DE FUNCIONAMENTO 2025

3.-INFORME- MEMORIA DO PLAN DE ACTUACIÓN E ORZAMENTO
2025

4.-PROGRAMACIÓN DE EXPOSICIÓN E ACTIVIDADES 2025

INTRODUCCIÓN

A Fundación Eugenio Granell, **cumple no 2025 trinta anos do seu nacemento**, por este motivo presentamos unha programación especial coa intención de continuar a tarefa de difusión e enriquecemento cultural arredor da figura de Eugenio Granell, do surrealismo e de artistas contemporáneos.

Esta proposta busca manter o nivel expositivo acadado nos anos anteriores, nos que se converteu nun referente da arte internacional, nacional e galega.

No exercicio 2025, a Fundación Eugenio Granell, como se detalla na programación axunta a este orzamento, opta novamente por xerar actividades e proxectos que contribúa á difusión e dinamización cultural, consolidando a posición e a proxección da Fundación Granell no ámbito local nacional e internacional.

Os proxectos e actividades viran entorno aos seus obxectivos estatutarios afianzando as súas liñas de actuación en canto a :

- Protección, conservación, investigación e difusión do seu legado.
- Educación, igualdade, xénero e oportunidade nas súas exposicións temporais e actividades.
- Colaboración con outras entidades e coa diversidade da sociedade da que é participe.
- Difusión internacional ca actuación prestamista de obra fora do marco nacional.

O Plan de actuación inclúen un cadro de obxectivos e indicadores de seguimento que se corresponden con dous tipos de actividades:

Por unha banda a : Actividade 1:Actividades expositivas e culturais, (desagregadas no cadro de obxectivos, segundo o tipo de exposicións: as que continúan do ano anterior, as exposición de fondos, as exposicións temporais), outras actividades culturais de didácticas propias e alleas e outros proxectos específicos, neste ano ca edición de dúas publicacións, unha adicada a Amparo Segarra e outra á conmemoración do 30 aniversario da Fundación.

Neste caso estímase a imputación dunha parte dos gastos de persoal e gastos directos a estas actividades. A imputación dos gastos de persoal artéllase en base ás horas aproximadas adicadas por cada traballador/a, segundo as súas funcións e tarefas, á realización de cada actividade.

Por outra banda a Actividade 2 (as actividades de xestión ordinaria e mercantís). Estas actividades engloban as actividades necesarias para a xestión ordinaria e de mantemento, que teñen como obxectivo garantir o correcto funcionamento da entidade, tanto para poder levar a cabo as actuacións culturais e expositivas coma as actuacións en relación ó funcionamento administrativo (financeiro e mercantil), de restauración e conservación dos fondos artísticos, mantemento da sede, actividades bibliotecarias, formativas e doutras xestións imprescindibles para o funcionamento institucional.

No cadro de obxectivos inclúense, algúns obxectivos e indicadores en relación a estas actividades, non pormenorizando os gastos destes obxectivos, imputándose o custe dos memos, dentro do gasto global de gastos de persoal e funcionamento da entidade.

E necesario concluír que as necesidades da entidade a medio prazo pasan por:

- Reforzar os proxectos de investigación e difusión do patrimonio, tendo unha importancia relevante a posta en valor dos arquivos e fondos documentais
- A produción de programas expositivos de acción cultural con coproducións con outras institucións e museos de prestixio que consoliden a nosa presenza no ámbito internacional.
- Consolidación dos seus programas educativos.
- Conservación preventiva do patrimonio.
- Modernización dos sistemas internos de xestión e comunicación pública.
- Fortalecer o equipo con persoal de recepción vixilancia e administración en xeral, para soste o equilibrio e a eficacia da misión do museo, todo isto ca base dun financiamento sostible que manteña os gastos estruturais da entidade .

PROTECTORADO DE FUNDACIONES DE INTERESE GALEGO

Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

PLAN DE ACTUACIÓN 2025

De conformidade co establecido no artigo 39 da lei 12/2006 de 1 de decembro, de fundacións de interese galego presentase ante o Protectorado o PLAN DE ACTUACIÓN da Fundación sinalada correspondente ao exercicio indicado.

DATOS DA ENTIDADE :

Nome: Fundación Eugenio Granell CIF: G15520422

Domicilio: Pazo de Bendaña s/n Praza do Toural

Localidade: Santiago de Compostela

Número de rexistro: 47

Código Postal: 15705

Provincia: A Coruña

Correo Electrónico: administracion@fundacion-granell.org

Teléfono : 620504179 /981572124

Persoa de Contacto: Paula López Ojea

DATOS RELATIVOS AO TRÁMITE QUE SE REALIZA:

Presentación do Plan de actuación anual correspondente ao exercicio 2025

Achégase a seguinte documentación:

*Plan de actuación e memoria explicativa

*Certificado de aprobación do Plan de actuación polo Padroado

* Programación de actividades 2025

* Documento de desagregación de ingresos e gastos de funcionamento 2025

PLAN DE ACTUACIÓN 2025		
De conformidade co establecido no artigo 39 da lei 12/2006 de 1 de decembro, de fundacións de interese galego presentase ante o Protectorado o PLAN DE ACTUACIÓN da Fundación sinalada correspondente ao exercicio indicado		
I.- ACTIVIDADE 1: Actividades expositivas e culturais		
A) Identificación		
Denominación da actividade	Actividades Expositivas e Culturais	
Tipo de actividade	Actividade propia	
Identificación da actividade por sectores **	Cultural	
Lugar de desenvolvemento da actividade	Internacional	
Descrición da actividade * (ver programación 2025)		
B) Recursos humanos empregados nas actividades propias e mercantís		
Tipo	Número previsto	
Persoal asalariado	6	
Persoal voluntario	13	
C) Beneficiarios ou usuarios da actividade		
Tipo	Número previsto	
Poboación en xeral * incluída páxina web e visitas guiadas	105.000	
D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade *desagregación en cadro de obxectivos e indicadores.		
Obxectivo	Indicador	Cuantificador
Actividades culturais (expositivas, didácticas e outras)	Nº exposicións e actividades	37
	Nº de visitantes e usuarios (inclúe visitas páxina web)	105.000

I.- ACTIVIDADE 2: Actividades de xestión e outras actividades	
A) Identificación	
Denominación da actividade	Actividades de xestión
Tipo de actividade	Actividade propia e mercantil
Identificación da actividade por sectores **	–
Lugar de desenvolvemento da actividade	–
B) Recursos humanos empregados nas actividades propias e mercantís	
Tipo	Número previsto
Persoal asalariado	6
Persoal voluntario	13
C) Beneficiarios ou usuarios da actividade	
Tipo	Número previsto
Poboación en xeral *	105.000
D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade *desagregación en cadro de obxectivos e indicadores.	

II PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS QUE EMPREGARÁ A ENTIDADE			
GASTOS DE FUNCIONAMENTO	Actividade 1	Actividade 2 (gastos imputados á actividade ordinaria e mercantil non imputados á actividade 1)	Total actividades
Outros gastos (incluídos os gastos explotación)	0,00 €	6.130,00 €	6.130,00 €
Gastos de persoal	138.865,07 €	128.813,68 €	267.678,75 €
Amortización do inmovilizado	0,00 €	3.885,90 €	3.885,90 €
Gastos financeiros	0,00 €	882,79 €	882,79 €
Outros gastos	13.994,00 €	56.650,56 €	70.644,56 €
TOTAL GASTOS FUNCIONAMENTO	152.859,07 €	196.362,93 €	349.222,00 €
INVESTIMENTOS	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Adquisición inmovilizado	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Adquisición bens de patrimonio histórico	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Adquisición de inmovilizado financeiro	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Cancelación débeda non comercial	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL GASTOS INVESTIMENTOS	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL GASTOS	152.859,07 €	196.362,93 €	349.222,00 €

CADRO DE OBXECTIVOS E INDICADORES 2025

***Desagregación de Actividade 1. Exposicións e actividades culturais**

Obxectivo	Descrición da actividade	Indicador	Cuantificador	Gastos de persoal imputados	Gastos directos	Total gastos imputados
Difusión de fondos da fundación e cumprimento dos fins estatutarios	Exposicións de fondos e coleccións	-Nº de exposicións	3			
	Exposicións temporais alleas aos nosos fondos	-Nº de exposicións	7			
	Exposicións de fondos que continúan do ano anterior	-Nº de exposicións	5			
	Actividades culturais e didácticas	-Nº de actividades	22			
	TOTAL DIFUSIÓN DE FONDOS E CUMPRIMENTO DOS FINS ESTATUTARIOS		37	138.865,07 €	13.994,00 €	152.859,07 €
	Visitas	N.º de visitas (inclúe pax web e visitas guiadas)	105000			
TOTAL ACTIVIDADE 1				138.865,07 €	13.994,00 €	152.859,07 €

Desagregación Actividade 2. Actividades de xestión e outras actividade (os gastos de persoal e gastos directos destas actividades inclúense nos gastos restantes de persoal e gastos ordinarios e de funcionamento non imputados á actividade 1)

Obxectivo	Descrición da actividade	Indicador	Cuantificador	
Protección do patrimonio: Conservación preventiva das coleccións e outros bens custodiados no museo	Conservación preventiva nos movementos de entradas e saídas de obras	N.º de expedientes	23	
	Conservación preventiva nas coleccións e biblioteca do museo	N.º de proxectos	1	
	Restauracións de bens culturais pertencentes ás coleccións, biblioteca, arquivo e outros.	N.º de obras	10	
Reubicación e expurgo de publicacións periódicas na biblioteca da fundación	Revisión e vaciado documental	N.º de publicacións	800	
Difusión de fondos bibliográficos e espazos de biblioteca	Utilización da sala de lectura	N.º de usuarios	500	
	Atención a usuarios non presenciais	N.º de usuarios	20	
Colaboración con outras institucións e outras entidades	Cesión de espazos para outras actividades	N.º de cesións	5	
Obtención de recursos propios por venda na tenda do museo	Venda de mercadorías e publicacións	N.º de mercadorías e publicacións	400	
	Aluguer de espazos	N.º de alugueres	5	

III.- PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS QUE OBTERÁ A ENTIDADE	
a) Previsión de ingresos que obterá a entidade	
INGRESOS DE EXPLOTACIÓN	Actividades Propias
Ingresos explotación mercantil (ventas e prestación de servizos)	2.000,00 €
Importe das subvencións do sector público	342.000,00 €
Outros tipos de ingresos (usuarios e afiliados, subvencións imputadas ao resultado, ingresos por colaboracións, ingresos por alugueres e ingresos extraordinarios)	5.222,00 €
Importe de achegas privadas	0,00 €
TOTAL INGRESOS DE EXPLOTACIÓN	349.222,00 €
OUTROS RECURSOS	0,00 €
Outros ingresos	0,00 €
Alleamento de inmovilizado non financeiro	0,00 €
Alleamento de inmovilizado financeiro	0,00 €
Endebedamento a longo prazo	0,00 €
TOTAL OUTROS RECURSOS	0,00 €
TOTAL INGRESOS	349.222,00 €

IV.- CONVENIOS, ACHEGAS E COLABORACIÓNS QUE SE PREVÉN CON OUTRAS ENTIDADES	
DESCRICIÓN	INGRESOS
Achega do Concello de Santiago de Compostela	170.000,00 €
Acordo de colaboración co Consorcio de Santiago de Compostela	110.000,00 €
Subvención da Deputación da Coruña	27.000,00 €
Subvencións da Xunta de Galicia	35.000,00 €
TOTAL CONVENIOS E COLABORACIÓNS	342.000,00 €

BALANCE 2025					
DESCRIPCIÓN	ORZAMENTO 2024	PREVISIÓN LIQUIDACIÓN A 31/12/2024	ORZAMENTO 2025	Diferencia coa previsión a 31/12/2024	% Respecto á previsión 2024
A) ACTIVO NON CORRENTE	14.624.344,18 €	15.551.165,02 €	15.551.165,02 €	0,00 €	0,00%
I. Inmobilizado Intanxible	105.017,68 €	1.252,94 €	1.252,94 €		
III. Inmobilizado material	14.519.326,50 €	15.549.912,08 €	15.549.912,08 €		
B) ACTIVO CORRENTE	152.525,65 €	154.206,91 €	158.150,53 €	3.943,62 €	2,56%
I. Existencias	116.669,55 €	115.548,45 €	114.548,45 €		
II. Usuarios e outros debedores	28.000,00 €	27.000,00 €	28.000,00 €		
III. Debedores comerciais	856,10 €	0,00 €	0,00 €		
VI. Periodificacións a C/P	7.000,00 €	2.503,20 €	0,00 €		
VII. Efectivo e outros activos líquidos	0,00 €	9.155,26 €	15.602,08 €		
TOTAL ACTIVO (A + B)	14.776.869,83 €	15.705.371,93 €	15.709.315,55 €	3.943,62 €	0,03%
A) PATRIMONIO NETO	14.736.898,67 €	15.661.766,03 €	15.661.766,03 €	0,00 €	0,00%
A-1) Fondos propios	133.993,67 €	131.366,82 €	131.366,82 €		
I. Dotación fundacional/Fondo social	6.010,12 €	6.010,12 €	6.010,12 €		
II. Reservas	110.086,81 €	110.086,81 €	110.086,81 €		
III. Excedentes de exercicios anteriores	17.896,74 €	14.515,17 €	15.269,89 €		
IV. Excedente do exercicio	0,00 €	754,72 €	0,00 €		
A-3) Subvencións, doazóns e legados recibidos	14.602.905,00 €	15.530.399,21 €	15.530.399,21 €		
C) PASIVO CORRENTE	39.971,16 €	43.605,90 €	47.549,52 €	3.943,62 €	9,04%
II. Débedas C/P	22.450,00 €	24.297,90 €	24.000,00 €		
1. Débedas con entidades de crédito	22.400,00 €	24.297,90 €	24.000,00 €		
3. Outras débedas a C/P	50,00 €	0,00 €	0,00 €		
VI. Acredores comerciais. E outras contas a pagar	17.521,16 €	19.308,00 €	23.549,52 €		
1. Provedores	0,00 €	0,00 €	0,00 €		
2. Outros acredores	17.521,16 €	19.308,00 €	23.549,52 €		
VII.- Periodificacións a C/P	0,00 €	0,00 €	0,00 €		
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A + C)	14.776.869,83 €	15.705.371,93 €	15.709.315,55 €	3.943,62 €	0,03%

INGRESOS	ORZAMENTO 2024	PREVISIÓN LIQUIDACIÓN A 31/12/2024	ORZAMENTO 2025	Diferencia ca previsión a 31/12/2024	% respecto a previsión 2024
1- Ingresos da actividade propia	327.315,74 €	322.769,74 €	345.722,00 €	22.952,26 €	7,11%
a) Cotas de usuarios e afiliados	2.030,00 €	852,00 €	940,00 €	88,00 €	10,33%
Cotas de amigos	2.000,00 €	840,00 €	840,00 €		
Socios da biblioteca	30,00 €	12,00 €	100,00 €		
b) Achegas de usuarios	2.500,00 €	1.632,00 €	2.500,00 €	868,00 €	53,19%
Ingresos por visitas	2.000,00 €	1.595,00 €	2.000,00 €		
Obradoiros didácticos e escolares	500,00 €	37,00 €	500,00 €		
c) Ingresos por promocións patrocinadores e colaboracións	20.300,00 €	18.800,00 €	0,00 €	-18.800,00 €	-100,00%
Convenio de colaboración ca empresa Viaqua S.I	1.500,00 €	0,00 €	0,00 €		
Convenio de colaboración con empresa Qualiart (Xapón)	18.800,00 €	18.800,00 €	0,00 €		
d) Subvencións, doazóns de legados imputados ao excedente do exercicio	302.485,74 €	301.485,74 €	342.282,00 €	40.796,26 €	13,53%
Concello de Santiago	161.000,00 €	161.000,00 €	170.000,00 €	9.000,00 €	
Consortio de Santiago	90.000,00 €	90.000,00 €	110.000,00 €	20.000,00 €	
Deputación da Coruña	28.000,00 €	27.000,00 €	27.000,00 €	0,00 €	
Xunta de Galicia (Consellería de Cultura)	22.000,00 €	22.000,00 €	35.000,00 €	13.000,00 €	
Subvencións de capital imputadas ó resultado	1.485,74 €	1.485,74 €	282,00 €		
1X - Ventas e outros ingresos derivados da actividade mercantil	2.500,00 €	1.821,60 €	2.000,00 €	178,40 €	9,79%
Ventas de xoias e outros	800,00 €	847,55 €	1.000,00 €		
Venda de publicacións	1.500,00 €	881,05 €	1.000,00 €		
Ingresos por prestación de servizos	200,00 €	93,00 €	0,00 €		
6- Outros ingreso de explotación	3.500,00 €	1.183,22 €	1.500,00 €	316,78 €	26,77%
Ingresos por alugueres	3.500,00 €	1.183,22 €	1.500,00 €		
7- Ingresos extraordinarios	0,00 €	4.000,00 €	0,00 €	-4.000,00 €	-100,00%
TOTAL INGRESOS OPERACIÓNS DE FUNCIONAMENTO	333.315,74 €	329.774,56 €	349.222,00 €	19.447,44 €	5,90%

GASTOS	ORZAMENTO 2024	PREVISIÓN LIQUIDACIÓN A 31/12/2024	ORZAMENTO 25	Diferencia ca previsión a 31/12/2024	% con respecto a 2024
5- CONSUMOS DE EXPLOTACIÓN	808,73 €	452,01 €	6.130,00 €	5.677,99 €	1256,16%
Compras	100,00 €	0,00 €	0,00 €		
Variación de existencias /provisiones	708,73 €	452,01 €	500,00 €		
Provisiones de existencias	0,00 €	0,00 €	5.630,00 €		
7- GASTOS DE PERSOAL	259.593,96 €	261.168,08 €	267.678,75 €	6.510,67 €	2,49%
8-OUTROS GASTOS DA ACTIVIDADE	70.120,73 €	64.131,06 €	70.644,56 €	6.513,50 €	10,16%
Reparacións e conservación	5.000,00 €	1.683,35 €	2.000,00 €		
Mantemento do ascensor	1.046,95 €	1.589,04 €	1.500,00 €		
Mantemento do sistema de alarma	732,78 €	912,00 €	912,00 €		
Gastos de servizos de limpeza	5.432,79 €	5.565,26 €	5.732,22 €		
Servizos profesionais	641,65 €	559,93 €	559,93 €		
Asesoría e Auditoría	5.168,23 €	5.160,45 €	5.315,26 €		
Mantemento software	2.008,90 €	2.163,71 €	2.163,71 €		
Outros servizos (vixilancia)	7.118,47 €	8.977,50 €	9.500,00 €		
Servizo de custodia de chaves	1.080,05 €	1.466,88 €	1.600,00 €		
Seguros	12.004,00 €	8.068,05 €	8.048,25 €		
Servizos bancarios e similares	1.450,00 €	18,00 €	100,00 €		
Gastos de auga e lixo	1.122,10 €	1.060,21 €	1.060,21 €		
Material de oficina	1.189,49 €	1.742,14 €	1.900,00 €		
Desprazamentos e viaxes do persoal	200,00 €	154,00 €	300,00 €		
Exposicións e actividades	10.235,00 €	9.084,77 €	13.994,00 €		
Teléfono	2.808,65 €	2.510,11 €	2.700,00 €		
Publicacións e prensa anuais	1.467,40 €	1.089,08 €	1.100,00 €		
Gastos de correos	361,72 €	157,94 €	157,94 €		
Gastos varios	898,10 €	758,70 €	1.000,00 €		
Outros tributos	30,95 €	137,21 €	137,21 €		
Axustes negativos IVE	10.123,51 €	8.769,52 €	10.863,83 €		
Periodificacións	0,00 €	2.503,20 €	0,00 €		
9-AMORTIZACIÓNS DE INMOBILIZADO	2.624,06 €	2.385,90 €	3.885,90 €	1.500,00 €	62,87%
14-GASTOS FINANCIEROS E ASIMILADOS	168,26 €	882,79 €	882,79 €	0,00 €	0,00%
TOTAL GASTOS OPERACIÓNS DE FUNCIONAMENTO	333.315,74 €	329.019,84 €	349.222,00 €	20.202,17 €	6,14%
SALDO OPERACIÓNS DE FUNCIONAMENTO	0,00 €	754,72 €	0,00 €		

3.-MEMORIA DO PLAN DE ACTUACIÓN E ORZAMENTO 2025

Neste informe preséntase a memoria do Plan de Actuación para o exercicio 2025, de conformidade co establecido no artigo 39 da lei 12/2006 de 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

Así mesmo inclúese, unha desagregación máis pormenorizada dos conceptos que dan orixe ás estimacións globais de balance e de operacións de ingresos e gastos de funcionamento, empregando para elo as partidas correspondentes aos epígrafes e enumeración da documentación, que debido á sectorización, solicita o Concello de Santiago para o orzamento da entidade.

O Orzamento preséntase equilibrado.

INGRESOS POR OPERACIÓNS DE FUNCIONAMENTO

O total de ingresos por operacións de funcionamento estímase en **349.222,00 €**

Os ingresos orzamentados supoñen un aumento de **19.447,44€ (5,90%)** con respecto ao previsto na liquidación para o exercicio 2024 e un aumento de 15.906,26 € (4,77%) con respecto o orzamentado para 2024.

A desagregación por partidas de ingresos é a seguinte:

1).-INGRESOS DA ACTIVIDADE PROPIA

A previsión de ingresos é de **345.722,00 €** As partidas mais significativas deste epígrafe son as seguintes:

a) e b) Cotas de Usuarios e afiliados e ingresos por visitas e obradoiros escolares

A previsión de ingresos nestas partidas, estímase en **3.440,00€**, o que supón unha contía sen variacións significativas con respecto ó exercicio anterior. O lixeiro aumento previse no incremento dos ingresos por visitas e a retoma dos obradoiros escolares que no 2024 foron pouco significativos.

c) Ingresos por promocións, patrocinadores e colaboracións

Non se prevén ingresos por este concepto para o vindeiro exercicio. Os ingresos no exercicio 2024 foron debidos á colaboración ca empresa xaponesa Qualiart por importe de 18.800,00 €. A colaboración ca empresa Viaqua foi cancelada por no exercicio 2024.

d) Subvencións do sector público

Orzaméntanse as achegas públicas en **342.282,00€**

Estas achegas supoñen a variación máis significativa dos ingresos totais orzamentados. Debido a celebración do 30 aniversario da entidade, as institucións patrocinadoras incrementaron as súas achegas, supoñendo un total de incremento de 42.000,00 € con respecto o previsión de liquidación do exercicio 2024.

-Concello de Santiago : incremento de **9.000,00 €** con respecto ao exercicio 2024 cun total de **170.000,00 €**

-Previsión da contía total de **35.000,00 €** polas achegas da Consellería de Cultura: **25.000,00 €** do convenio ca Consellería de Cultura (aumento de **13.000,00 €** con respecto a ano 2024) e mantemento dos **10.000,00€** de subvención competitiva da mesma Consellería .

-Aumento de **20.000,00 €** da achega do Consorcio de Santiago con respecto a 2024, cun total de **110.000,00 €**

- Mantemento da achega da Deputación da Coruña, nas mesmas contías do exercicio anterior, **27.000,00 €** No caso da Deputación e necesario informar da petición gratuíta da impresión das dúas publicacións programadas para o exercicio 2025.

1X)VENDA E OUTROS INGRESOS DERIVADOS DA ACTIVIDADE MERCANTIL

A contía global neste epígrafe ornaméntase en **2.000,00€** estimándose un lixeiro aumento con respecto ao exercicio 2024.

6).-OUTROS INGRESOS DE EXPLOTACIÓN

Nesta partida orzaméntanse **1.500,00€** en concepto de alugueiros increméntase con respecto ao previsto para o exercicio 2024 en contía de **316,78 €**

Non se prevén ingresos extraordinarios para 2025. No exercicio 2024 a contía de 4.000,00€ en concepto de ingresos extraordinarios foi debida á indemnización por parte do seguro da obra da colección, "Árbol 32" do artista Xurxo Oro Claro, que sufriu un deterioro irreparable polo que foi resarcida polo seguro na súa totalidade.

GASTOS POR OPERACIÓNS DE FUNCIONAMENTO

O total de gastos por operacións de funcionamento estímase en contía de **349.222,00 €** Cun aumento de gasto de **20.202,17 (6,14 %)** con respecto a previsión de liquidación 2024.

A desagregación por partidas de gastos é a seguinte:

5).-CONSUMOS DE EXPLOTACIÓN

Nesta partida orzaméntanse as compras, variación de existencias provisión por deterioro de existencias na contía total de **6.130,00 €**. Tense en conta para o exercicio 2025 a previsión dunha provisión polo deterioro de existencias (catálogos no súa maioría que non se atopan en condicións idóneas de venda e/ou posibles depreciacións no seu valor) por importe de **5.630,00 € e 500,00 €** en variación de existencias.

7)-GASTOS DE PERSOAL

Os gastos en soldos e salarios, seguridade social a cargo da empresa e outros gastos sociais orzaméntanse na contía total de **267.678,75 €** O aumento con respecto ao previsto na liquidación provisional para 2024 e dun total de **6.510,67 €(2,49 %)**.

O incremento débese ao acordado no Convenio de oficinas e despachos da provincia da Coruña, no que se prevé, para o 2025, un aumento entre un 2% e un 2,5% sobre as táboas salariais do 2024.(este incremento implica o aumento de tódolos conceptos salariais).

8) OUTROS GASTOS DE ACTIVIDADE

A contía global nesta partida estímase en **70.644,56€**, cun aumento, con respecto á previsión de liquidación do ano 2024, dun (10,16%).

Tense en conta nesta previsión, a mesma contía no gasto do seguro de obras que a prevista para 2024.

A redución desta contía foi aprobada no orzamento para 2024 e que supuxo no seu momento a diminución de **3.935,95 €** con respecto ó orzamentado para 2024.

As diferencias mais significativas nesta partida de gastos de actividade con respecto a **2024 prevense no aumento de gasto directo para exposicións de actividades en 4.909,23 €** cun total de 13.994,00 € e un incremento nos axustes de IVE en **2.097,00€** con respecto a 2024 polo incremento do gasto xeral.

9)-AMORTIZACIÓN DE INMOBILIZADO

Orzaméntase en contía de 3.885,90 € para o exercicio 2025.

14)-GASTOS FINANCEIRO E ASIMILADOS

Previsese unha contía igual ao exercicio 2024.

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

2. EXPOSICIONES

1.A. Exposicións de fondos

1.A.1. Exposicións en curso

1.A.2. Novas exposicións

1.B. Exposicións alleas aos nosos fondos

1.B.1. Exposicións en curso

1.B.2. Novas exposicións

3. ACTIVIDADES

4. AS COLECCIÓN, CONSERVACIÓN-RESTAURACIÓN, REXISTRO DE OBRAS

5. DIDÁCTICA NO MUSEO

6. BIBLIOTECA, ARQUIVO E DOCUMENTACIÓN

7. PROGRAMA DE PRÁCTICAS E VOLUNTARIADO

8. PUBLICACIÓN

INTRODUCCIÓN

A Fundación Eugenio Granell, **cumple no 2025 trinta anos do seu nacemento**, por este motivo presentamos unha programación especial coa intención de continuar a tarefa de difusión e enriquecemento cultural arredor da figura de Eugenio Granell, do surrealismo e de artistas contemporáneos.

Esta proposta busca manter o nivel expositivo acadado nos anos anteriores, nos que se converteu nun referente da arte internacional, nacional e galega.

Co motivo do aniversario, a Fundación traballa nun proxecto expositivo no que se amosará, a través dun discurso encamiñado dende a investigación, o percorrido da institución dende os seus inicios a mediados dos anos noventa ata á actualidade. Trátase dun proxecto onde se analiza a importancia do legado granelliano no contexto museístico e cultural galego, nacional e internacional. Con esta proposta preténdese por de manifesto a importancia dun centro de referencia da vangarda internacional como ponte entre as propostas patrimoniais históricas e a arte contemporánea, analizando o que supuxo para o contexto e a creación galega nos últimos trinta anos.

Estas exposicións, de carácter permanente, veranse cumprimentadas por unha serie de mostras temporais de grandes artistas como Juan Barreto e Gregg Simptom, onde, a través das súa obra, o espectador poderá experimentar a sensación de atoparse ante unha nova forma de concibir a realidade, proxectada a partir do singular universo creativo dos artistas máis representativos do surrealismo actual.

A Fundación Eugenio Granell concíbese dende os seus inicios como un espazo de referencia do surrealismo, tendo en conta que este movemento de vangarda segue vixente actualmente, a través de diferentes grupos e artistas que desenvolven as súas propostas en diferentes partes do planeta.

Neste senso o vindeiro ano contaremos cunha proposta expositiva que levará a debate unha cuestión fundamental para a nosa traxectoria como eixo teórico do pensamento granelliano. O primeiro manifesto surrealista de André Breton. Para esta proposta contaremos cun aposta internacional que discorre nunha mostra coral entre diversas institucións portuguesas e do Brasil e na que participarán artistas de distintas nacionalidades.

O programa complétase coas revisións plásticas arredor das figuras de Amparo Segarra e Philip West que conforman un percorrido expositivo que amosa a riqueza das coleccións da Fundación.

Unha das principais vías de traballo que débese ao especial interese que tiña Eugenio Granell en apoiar e dar visibilidade ás novas propostas dos/as artistas máis novos/as vaise articular cos proxectos de Alberto Ovejero e Iago Fernández. Dous artistas contemporáneos da Xeración Z que basean o seu traballo nunha autorrepresentación con referencias directas ás distintas problemáticas do seu tempo, de xeito especial en relación aos roles de xénero e a posición das/os artistas actuais en relación ao seu contexto. Ámbolos dous artistas collen moitos dos preceptos do surrealismo, non só a nivel formal senón como forma de mostrar unha actitude crítica co propio sistema.

Votando a vista ao pasado, en recordo destes trinta anos coa chegada en 1995 da Fundación Eugenio Granell a Santiago de Compostela, as coleccións amosadas, nun primeiro momento, nas sedes do Museo do Pobo Galego e do Auditorio de Galicia, onde o público coñeceu de primeira man, a riqueza destas coleccións creadas e formadas por Eugenio Granell ao longo da súa vida.

Os fondos artísticos que conforman as coleccións do Museo, constitúen a maior colección de arte de vangarda e surrealista de Galicia, así como unha das máis importantes a nivel internacional e nacional. Deste xeito, a Fundación alberga a produción máis representativa de Granell así como óleos, esculturas, debuxos, colaxes e obras doutros compañeiros ou coetáneos coma Joan Miró, Wifredo Lam, Caballero, Copley, Rodríguez Luna, Duchamp, Picabia, Picasso, Man Ray, Max Ernst, entre outros, que conforman a Colección Surrealista.

Por outra banda atopamos a Colección de Arte Étnica, formada por obxectos dos cinco continentes, que reuniu o artista movido polo interese surrealista cara ao primitivo. Componse de máscaras, xoguetes e diferentes países, tales como Santo Domingo, Polonia, USA, Guatemala, México, Filipinas, Porto Rico, diferentes rexións e países de África, España e Portugal.

No ano 1997, o artista Philip West cede á Fundación o máis representativo da súa produción plástica, composta por 200 obras, así como a súa biblioteca, composta por máis de cen volumes, sobre o surrealismo.

A Fundación ten como propósito o estudo da obra de Eugenio Granell, do surrealismo e das correntes afíns. Outro obxectivo fundamental é afondar en varias das fontes de investigación e liñas de intervención abertas durante a andaina do Museo como son o estudo e a difusión da cultura surrealista.

A biblioteca e o arquivo persoal de Granell é unha peza clave no estudo da súa personalidade artística e humana así como o estudo de toda unha xeración marcada pola Guerra Civil e o exilio. A biblioteca componse dun fondo de máis de 15.000 volumes que foron recompilados ao longo da vida de Granell. Trátase dunha biblioteca profesional, práctica e universitaria. Ademais da temática surrealista, correntes afíns e a arte en xeral,

o que poderíamos destacar é o importante número de volumes sobre a Guerra Civil e o exilio, como tamén nos podemos atopar con edicións doutros ámbitos como a psicoloxía, literatura, antropoloxía ou a socioloxía. Outro dos compoñentes desta gran biblioteca é que se foi ampliando non so con libros dedicados a estes temas predilectos para Granell senón que se completou con revistas, xornais, publicacións seriadas, revistas do surrealismo internacional dos anos 40 e 50, ademais de publicacións políticas, e artigos de prensa.

A biblioteca Philip West contén 753 documentos de grande importancia, biblioteca surrealista que foi doada polo artista Philip West con quen Eugenio Granell mantivo unha amizade persoal e epistolaria. A maioría dos exemplares están editados fóra de España, polo que non son fáciles de atopar no noso país. A maioría están editados en Francia, Estados Unidos e Reino Unido.

E por último a Biblioteca do Museo foi inaugurada en xaneiro de 2001, especializada na arte surrealista, ademais de conter fondos de arte contemporánea en xeral, fotografía ou literatura.

1. EXPOSICIÓN

1.A. EXPOSICIÓN DE FONDOS

. O Estudio de Eugenio Granell

Data: Permanente

Comisariado: Fundación Eugenio Granell

Coordinación: Fundación Eugenio Granell

Localización: Primeiro andar

Este espazo expositivo é unha reprodución do estudo de Granell, unha mostra permanente composta de obxectos e obras de arte que amosan o entorno no que traballaba o artista. Lorena Rodríguez, responsable de Conservación e Restauración da Fundación Eugenio Granell, realiza un importante labor de conservación e mantemento das pezas amosadas no estudio, adecuando o espazo as novas incorporacións que se van engadindo temporalmente.

Nesta sala exhibese un dos seus cabaletes, pinturas propias ou de amigos pintores, os seus bastóns e, nunha vitrina, obxectos persoais como os seus lentes, plumas, xemelgos, gravatas... Tamén conservamos a mesa de traballo na que o artista creaba as súas imaxinativas construcións e unha foto grande na que se lle pode ver sentado na súa mesa de traballo no despacho da súa casa en Madrid. Granell foi un gran afeccionado á obra de San Juan de la Cruz e, entre as figuras da súa colección, hai unha talla do século XVII que se amosa tamén neste estudio.

Na recreación atópanse obras de artistas como Vela Zanetti (*Retrato de un campesino leonés*, *Retrato de Amparo* dedicado por Vela Zanetti a Amparo) así como tres caricaturas nas que aparece Eugenio Granell retratado por Bernard, Ximpa e Gilberto Hernández Ortega, do que tamén se mostra unha obra que son uns estudos de retratos, e de Eugenio D'Ors móstranse uns bosquexos onde se aprecia un retrato de Buñuel. Tamén se dedica un apartado especial á obra de Philip West.

Por outra parte, recóllese unha breve mostra de premios que recibiu o artista, de recente incorporación, a través tanto de fotografías coma de galardóns físicos. Entre eles figuran: Medalla de Ouro ao Mérito nas Belas Artes (Madrid, 1995) ou Medalla de Ouro (Santiago de Compostela, 1997).

1.A.1. Exposicións en curso

. Catrocentos metros entre Granell e Maside

Datas: 30 maio, 24 – 4 maio, 25

Comisariado: Eduardo Valiña

Coordinación: Fundación Eugenio Granell

Localización: Salas 2, 3. Segundo andar

Eugenio Granell e Carlos Maside foron dous artistas galegos que coincidiron no mesmo espazo en distintos tempos, con só unha diferenza de 15 anos.

Carlos Maside, orixinario de Pontecesures, naceu o 16 de marzo de 1897. O pintor medra nunha pequena vila rural que lembra con moito agarimo na súa vida adulta; Maside tiña sempre en mente aos seus pais e aos seus veciños. Unha gran parte da súa obra pictórica toma inspiración nesas imaxes da vida cotiá de cando era pequeno: as feiras, os postos ambulantes, as cacharreiras...

A inocencia deste neno desapareceu cando tiña 15 anos e viviu a morte do seu pai, deixando os seus estudos para comezar a traballar. Esta gran responsabilidade que o distanciaba da súa familia supuxo unha gran carga física e emocional, converténdose nunha persoa crítica coas condicións laborais dos traballadores. Estes valores percíbense na súa obra máis temperá, anos 20, na que representa escenas que teñen por protagonistas persoas do día a día coa intención de dignificar as vidas do pobo obreiro. A súa formación artística e social foi completamente autodidacta, xa que tiña un grande interese nos temas de actualidade. Carlos Maside pertenceu ao grupo *Novecentista*, un conxunto de artistas que autoproclámanse laicos, cívicos e demócratas, que apostaban por unha próspera Segunda República. Con trinta anos, Maside pode permitirse viaxar a París grazas a unha beca para estudar a técnica do gravado.

Eugenio Granell naceu en A Coruña no 1912 e medrou en Santiago de Compostela. Do mesmo xeito que Maside, lembra constantemente a súa infancia coma unha experiencia positiva que condicionou o seu desenvolvemento artístico no futuro, Granell comezou a súa carreira artística dende pequeno tocando o violín. Aos 16 anos múdase a Madrid para continuar os seus estudos de violín na Escola Superior de Música de Madrid, gracias a unha beca que recibiu por parte da Deputación da Coruña. O mozo Granell sitúase politicamente, non por unha situación trágica coma a de Maside, senón que ten a oportunidade de dialogar con figuras políticas e literarias coma os irmáns Dieste, Urbano Lugrís, Carlos Gúrmendez ou Santiago Arbós Ballesté, entre outros. Na súa estada en Madrid, Granell milita no P.O.U.M. e nun acto político ten a súa primeira toma de contacto coa arte surrealista.

Estas dúas narrativas seméllanse en moitos aspectos; os dous artistas foron fortemente marcados pola súa infancia, viaxan (en idades moi diferentes) para ampliar o seu coñecemento artístico e sitúanse politicamente a unha idade moi nova. A partires do estalido da Guerra Civil Española no 36, cada un atopará distintas maneiras de sobrevivir á guerra e á ditadura.

No período da Guerra Civil, Granell participa activamente no conflito para máis tarde exiliarse dende París a Latinoamérica no 1939. Neste momento coñecerá a súa compañeira Amparo Segarra, coa que inicia unha nova vida na República Dominicana.

Carlos Maside fora profesor de debuxo dende 1937 ata 1939. Maside queda nun estado de desemprego e pobreza no que o único recurso económico que ten é a súa obra, que será censurada e vetada de todo ámbito público. O pintor era un marxinado no seu propio país. Mentres, Granell, atópase nun exilio que o leva por diferentes países do Caribe e Nova York. O pintor de Pontecesures illouse na cidade de Santiago de Compostela, vivindo o que se denominou Exilio Interior.

Dúas maneiras diferentes de sobrevivir, un período clave para que os dous artistas poidan atopar a súa voz artística.

Granell afonda a súa relación coa plástica a través do surrealismo e Carlos Maside, a finais dos anos 40, comeza unha etapa de alienación do seu propio interese pola loita política e social. Comeza unha etapa final na que pinta paisaxes amables que novamente o levan á súa infancia na Galicia rural.

Eduardo Valiña. Comisario

. Amparo Segarra. Paisaxes

Datas: 7 xuño, 24 – 4 maio, 25

Comisariado: Eduardo Valiña

Coordinación: Fundación Eugenio Granell

Localización: Sala Amparo Segarra. Segundo andar

Unha das cuestións máis importantes no proxecto construtivo de Amparo Segarra son o espazo e o lugar onde se desenvolve a escena. Un concepto que forma parte destacada a nivel persoal dende o desenvolvemento do seu traballo de actor ata a propia representación dun espazo onde colocar un amplo elenco de personaxes, elementos ou fraccións dos mesmos, para manipularlos ou unificalos nun amplo espectro de posibilidades.

Dentro do contextual o campo convértese no espazo da acción, poboándose de seres, obxectos descontextualizados, máquinas, animais ou fragmentos do propio corpo, conformando un escenario que se converte nun interrogante para o espectador. Un campo aberto onde apreciamos a presenza de animais tratados de forma individual ou como grupo ou manada. Neste contexto destaca o especial tratamento da natureza sobresaíndo a presenza das árbores, dende bosques ata pezas onde serven de soporte da acción representada polo artista.

Outro lugar recorrente é o deserto, un territorio utilizado en diversas pezas e de diferente forma, como podemos ver na colaxe *Cactus*, onde este elemento natural organiza unha escena na que destaca a cor laranxa en contraposición á distribución dos personaxes que realizan diferentes accións.

Por outra parte, o contexto urbano con referencia á arquitectura historicista onde atopamos relacións ao mundo clásico a través da ruína grecorromana, contextos orientalistas cargados de exotismo ou fragmentos de rúas e prazas de culturas suramericanas.

Outras referencias a paisaxe preséntanse como zonas residuais ou abandonadas como o vertedoiro que utiliza en *La hoja del otoño*, paisaxes marítimos co mar nas súas diferentes acepcións, dende a praia no solpor ata referencias estivais coa selva como pano de fondo, ademais das paisaxes invernais, xeados ou polares, en relación directa cos Estados Unidos ou aos polos.

Existen outro tipo de relacións paisaxísticas como o contexto rural que fai referencias, nalgúns casos, á simboloxía específica como son o *Toro de Osborne* ou os muíños de vento da Mancha.

Eduardo Valiña. Comisario

. A Manifestación. París, 1924

Datas: 7 xuño – 6 outubro, 24 – 25 outubro, 24 - 19 xaneiro, 25

Coordinación: Fundación Eugenio Granell

Localización: Sala 1. Segunda planta

Mostra conmemorativa do centenario do Primeiro Manifesto do Surrealismo publicado en 1924 en París por André Breton (1896-1966).

Breton, principal teórico e fundador do movemento, inicia un novo camiño que sigue activo actualmente dende as propostas que desenvolven os diferentes grupos surrealistas activos en diferentes partes do planeta.

O surrealismo, tras a devastación da Primeira Guerra Mundial, buscará novos modos de expresión artística e literaria para converterse nunha concepción verdadeira do mundo. Breton concibe o surrealismo como automatismo psíquico puro, onde se expresa o pensamento sen a intervención da razón e sen preocupacións estéticas ou morais, liberando a arte e a literatura das restricións racionais e fusionando a realidade e o soño. A escritura automática suporá un medio sen censura nin planificación previa onde os soños e estados alterados de conciencia son empregados como fontes de inspiración. Explorar o inconsciente revelará verdades máis profundas sobre a natureza humana como consecuencia das influencias da psicanálise freudiana.

Esta exposición confórmase como un relato onde se mostra o propio manifesto, acompañado de obras dalgúns dos autores nomeados no texto como son o propio André Breton, así como Marcel Duchamp, Pablo Picasso, Max Ernst ou Vlady Sergé, entre outros.

A parte dedicada a Eugenio Granell destaca con obras relacionadas directamente con André Breton, onde encontramos un cadáver exquisito no que tamén participou Wifredo Lam.

Eduardo Valiña. Comisario

1.A.2. Novas exposicións

. Philip West. Fauna bruta

Datas: 20 febreiro – 4 maio, 2025

Coordinación: Fundación Eugenio Granell

Localización: Sala Philip West. Primeira planta

Philip West (Gran Bretaña, 1949- Zaragoza, 1997) é un artista encadrado dentro dun Surrealismo tardío que choca co minimalismo que se está a desenvolver nos anos 60. Desenvolve os seus estudos entre 1965 e 1970, dentro do ámbito da Pintura e Escultura (Colexio de Belas Artes de York e Colexio de Belas Artes de Brighton). No 1974 trasládase a Zaragoza por amor, e entre o 79 e o 83 muda a súa residencia a Venezuela, onde recolle a mitoloxía da zona grazas os seus viaxes polos ríos Orinoco e Amazonas, esta viaxe acentuará a paixón do artista pola natureza exótica que alí atopa. En 1984 volta a Zaragoza, gañándose a vida como profesor de inglés. Nesta cidade móvese nos círculos de artistas, grazas aos que coñece a José Francisco Aranda, para quen ilustra varios dos seus poemas e quen lle introduce na arte de Buñel, cara quen o artista sentirá unha profunda admiración. Será tamén neste momento cando empece a forxarse a relación de West co tamén pintor surrealista, Eugenio Granell, a quen cederá gran parte da súa obra e da súa biblioteca tra-lo seu falecemento en 1997.

Como pintor surrealista, a teoría de André Breton marca profundamente o seu traballo e o seu proceso artístico.

Na súa obra, divaga entre diferentes técnicas mediante as que desenvolve un mundo fantástico cheo de criaturas alleas pero á vez pretas. Nútrese do que ve para transportar ó espectador a una realidade onde o real se mestura co imaxinario e o normal, co estraño.

A morte é o fío da súa obra, e a fauna e o sexo, vítimas desta. A partir dos paxaros nocturnos, Philip West cobra vida nos seus cadros, unha vida que non ten maior destino que a desaparición. Nútrese dos animais para xogar co cruel, que acompañados de obxectos cotiás descontextualizados acentúan a sensación de inqueda e intriga, xogando co espectador a partir da provocación constante.

Esta exposición trata de mostrar esa parte máis animal na que vemos a un West coñecedor do seu próximo fin, que coa súa obra leva ó espectador a un mundo de desacougo. O inquietante faise presente a través da fragmentación dos cadros, que lle permite o autor xogar con distintas temáticas nunha mesma obra. Deste xeito, e tendo presente sempre o vestixio da morte, Philip West xoga coa sexualidade bruta, os insectos e a natureza, creando un mundo desalentador no que o corrente flúe co inhabitual.

. NA MIRA DOS ESPELHOS. Exposición evocativa dos anos do Manifesto Surrealista 1924/2024

Datas: 10 xullo – 12 outubro, 25

Coordinación: Fundación Eugenio Granell

Localización: Salas 4 e 5. Primeira planta

Esta proposta expositiva conmemora o centenario do primeiro Manifesto do Surrealismo. En 1924, André Bretón publica o seu *Manifesto do Surrealismo*, que posteriormente se chamará *Primeiro manifesto do Surrealismo*. Neste texto, Breton define o surrealismo como un proceso que sae do pensamento, sen intervención da razón. Aposta por unha escritura automática e destaca a importancia e a forma das imaxes, dálles o poder.

No manifesto, Breton expón que o surrealismo expresa o verdadeiro funcionamento do pensamento, aposta por un punto común entre pasado e futuro, real e imaxinario; e a vida e a morte. Asenta as bases do automatismo psíquico como medio de expresión artística.

Trátase dun proxecto ideado polo artista surrealista do Brasil, Sergio Lima e o artista e activista surrealista portugués Miguel de Carvalho. A proposta inaugurouse no 2024 na Casa da Cultura de Paredes, itinerou á Fundação Cupertino de Miranda de Vilanova de Famalhão e a Fundación Eugenio Granell para pechar o ciclo en Brasil.

Sergio Lima naceu en Brasil a finais da década de 1930 e faleceu en xullo de 2024. Foi doutor en Letras e traballou como tradutor de Benjamin Peret. Forma parte do grupo surrealista de Sao Paulo, sendo considerado o maior expoñente da poesía surrealista en Brasil. Ademais traballou como artista plástico, cineasta e profesor universitario.

A súa obra literaria, a pesar de estar centrada na poesía, conta tamén con narrativa, sempre destacando un carácter poético. Escribe tamén libros de ensaio como *Cinema Xaponés* (1959), *O Corpo Significa* (1976) e *Colaxe* (1984). Foi incluído na antoloxía *Surrealismo e Novo Mundo* xunto con outros creadores surrealistas de varias xeracións e países.

Na exposición atoparemos primeiras edicións de todos os manifestos do Surrealismo (franceses e portugueses), ademais de importante documentación do arquivo e biblioteca da Fundación Granell como cartas ou revistas.

ARTISTAS PARTICIPANTES

Allan Graubard, André Breton, Antonella Gandini, Aurélie Aura, Arnost Budik, Beatriz Hausner, Bruno Bernabé, Cristina Vouga, Cruzeiro Seixas, David Coulter, Enrique de Santiago, Eugénio Castro, Fernando Azevedo, Gabriela Albrecht Ziakova, Georges-Henri Morin, Gregg Simpsom, Guy Cabanel, Guy Ducornet, Guy Girard, Hans Bellmer, Isidro Martins, Jan Gilian, Javier Galvez, Jean-Marc Baholet, Jean-Pierre Paraggio, Joel Gayraud, John Welson, Jorge Camacho, Kathleen Fox, Laurens Vancrevel, Linda Filipova, Lou Dubois, Ludwig Zeller, Luis Morgadinho, Mário Cesariny, Mário-Henrique Leiria, Max Erns, Michael Lowi, Miguel de Carvalho, Mireille Cangardel, Pedro Prata, Raul Pérez, Rik Lina, Sarah Froidurot, Seixas Peixoto, Sérgio Lima, Susana Wald, Sylwia Chrostowska, Virginia Tentindo, Wifredo Lam, Yoan Armando Gil.

A mostra completárase coa obra de Rikki Ducornet (EUA), Patrick Lepeitit (França), Ody Saban (Turquia), Jorge Leal Labrin (Chile), e Vitor Chab (Argentina).

. Granell 30 anos

Datas: 27 maio, 25 - 26

Coordinación: Fundación Eugenio Granell

Localización: Salas 1, 2, 3. Segunda planta. (Sala 1 finaliza 21 setembro)

A finais de marzo do ano 1995 creábase en Santiago de Compostela a Fundación Eugenio Granell, un proxecto que se configuraba como un dos referentes máis importantes do Surrealismo Galego, Nacional e Internacional.

A institución configurábase como un lugar de acollida dun extenso patrimonio que se compoñía de diferentes pezas entre as que se atopaba parte da obra máis representativa de Eugenio Granell, unha colección de arte de vangarda onde están obras dos artistas máis representativos dos movementos de transformación plástica do século XX, unha colección de arte étnica, así como outros elementos que completaban un inmenso legado que se incorporaba a unha cidade en plena transformación humana, a nivel cultural e arquitectónico.

Dende ese inicio ata a actualidade a Granell pasa por diferentes etapas, sempre baixo unha única dirección: protexer, difundir e estudar o legado de Granell e do Surrealismo, dende diferentes ópticas e dando a oportunidade a moitos artistas de amosar o seu traballo ademais de facer participe aos diferentes públicos dende o local ao internacional.

Por outra banda a institución vai transformándose no tempo, ampliando o seu legado e moldeando a súa configuración, dende o padroado ata o persoal, superando crises económicas e tentando manter unha calidade alta nas súas propostas.

Non podemos esquecer feitos fundamentais nesta andaina como foi o falecemento de Eugenio Granell no ano 2001 e posteriormente outro pilar fundamental Amparo Segarra no 2007. Así como a cesión na dirección de Natalia Fernandez ao fronte da Dirección da Fundación.

Esta mostra pretende ser un agradecemento a todas as persoas que apoiaron este proxecto e a toda a cidadanía de Compostela por ter á Granell como un referente cultural da cidade.

Por outra banda a exposición suporá un percorrido por aqueles acontecementos importantes destes trinta anos pasando pola exhibición das obras máis representativas das coleccións que configuran o legado, destacando unha sala dedicada a obra de Amparo Segarra.

Resulta importante destacar o apartado editorial levado a cabo pola fundación, unha cuestión que enlaza co legado bibliográfico e o arquivo. Estas publicacións serán a testemuña de moitas das exposicións importantes que se realizaron no museo, así como outro tipo de edicións sobre todo centradas na faceta literaria e política de Granell. Nesta parte da mostra destacará toda a documentación dixital que serve como sustento de moitas

das actividades do museo e que en moitos casos son obras de artistas realizadas de xeito exclusivo para o museo.

O proxecto complétase con distintas seccións fotográficas e videográficas que completarán o percorrido expositivo.

. Amparo Segarra e a moda

Datas: 27 maio, 25 - 26

Coordinación: Fundación Eugenio Granell

Localización: Sala Amparo. Segunda planta

Amparo Segarra (Valencia, 1915- Madrid, 2007) foi unha artista plástica, actriz de teatro e compañeira de Eugenio Granell, grazas ao que comeza a súa produción artística. Identifícase plenamente coa técnica do colaxe dentro do movemento surrealista. Na súa obra plástica, Segarra introduce a través do humor opinións sociais e pensamentos surrealistas. É unha obra marcada pola estética feminina na que crea un mundo fantástico a partir da superposición de recortes, cun carácter duro e baseado na realidade.

A vida de Amparo aparece marcada pola figura de Granell e os viaxes que ambos fan xuntos fuxindo de diferentes conflitos, ademais das miserias que a Guerra Civil Española lle traen.

Os seus primeiros colaxes foron realizados para mostrar as costumes e monumentos europeos durante a súa estancia en Nova Iorque.

1.B. EXPOSICIÓNS ALLEAS AOS NOSOS FONDOS

1.B.1. Exposicións en curso

. Pablo Orza. Artista en residencia. VIII Edición

Datas: 14 novembro, 24 – 2 febreiro, 25

Coordinación: Fundación Eugenio Granell

Localización: Salas 4, 5, e Sala Philip West. Primeiro andar

Pablo Orza naceu na cidade de Zamora no ano 1971. Medrou coa influencia dos grandes artistas da súa cidade coma Antonio Pedrero e Alfonso Bartolomé. Graduouse coma licenciado en Belas Artes na Universidade de Salamanca no ano 1993 e continuou os seus estudos na Universidade Politécnica de Valencia. A mediados dos anos noventa Pablo Orza traballou no Studio Arts Centers Internacional de Florencia no que atopou a súa voz nas artes plásticas. Durante esta década comezaría a súa carreira profesional coma artista, época na que traballou nunha variedade de proxectos en toda Galicia; no ano 1995 participou nunha homenaxe a Pablo Picasso na cidade da Coruña, e ao ano seguinte foi integrado no grupo de Xoves artistas galegos da Xunta de Galicia. A finais dos noventa

participou no taller dirixido polo defunto Lucio Muñoz co apoio da Fundación Fenosa, e levou a cabo unha serie de exposicións en distintas cidades galegas. O seu traballo foi exposto internacionalmente en Italia e Nova York. Pablo Orza desenvolve un proxecto

interdisciplinar no que o territorio, a identidade e a autorreferencia conforman un espazo de representación propio.

Neste senso o artista conforma un lugar de creación afastado do establecido para crear vínculos, a través dunha ampla proposta, con diferentes parcelas sensoriais das que agroman discursos que van dende o emocional ata unha ampla diversidade de soportes.

1.B.2. Novas exposicións

. Carlos Maside

Datas: 27 maio. Permanente 25/26

Coordinación: Fundación Eugenio Granell

Localización: Sala Philip West. Primeiro andar

O "Legado Maside" é adquirido polo Consorcio de Santiago de Compostela cunha axuda da Deputación da Coruña, sendo o Concello de Santiago o receptor co compromiso da conservación e exhibición desta notable colección que pasa a formar parte do patrimonio cultural de Santiago de Compostela e de todas e todos os galegos.

A obra de Carlos Maside (Pontecesures, 1897 - Santiago de Compostela, 1958) forma parte da vangarda histórica galega como peza fundamental da renovación estética vencellada ao país de comezos do século XX. O legado mostra un conxunto de 21 pinturas que acreditan por unha banda o compromiso e a exploración artística e por outra o punto de vista singular dun pintor comprometido coa realidade social galega.

De vida itinerante, forma parte da Compostela intelectual do seu tempo.

"Lembrámolo polas rúas da súa cidade, pois, ¿que importa que nacera en Cesures?, a súa cidade era Compostela, como o é no fondo das súas almas, de tódolos intelectuais galegos." (Luis Seoane). (Mercedes Rozas).

Carlos Maside é unha das persoas que Granell recorda e admira no seu libro *Memorias de Compostela. "Visión orlada por estrelas, islas, árboles y antorchas"*. Conta Granell nestas Memorias que o seu irmán Mario, discípulo de Camilo Díaz Valiño, foi animado por "Carlos Maside, que era o pintor máis colorista na súa arte entre os que había en Santiago", a realizar unha exposición na Rúa do Vilar en 1928.

A exposición deste gran artista, non surrealista, encádrase dentro das actividades que a Fundación Eugenio Granell leva anos realizando, como os maratóns de lectura de escritores daquela época, inicios do século XX, aos que Granell coñecía e admiraba, como, Antón Avilés de Taramancos, Manuel Lugrís, Valle Inclán, Manuel Antonio, Antón Fraguas,

Carballo Calero. Para Granell esa época da República que lle tocou vivir foi como un Século de Ouro en Galicia. (Natalia Fernández Segarra)

. Juan Barreto

Datas: 20 febreiro – 20 abril, 2025

Coordinación: Fundación Eugenio Granell

Localización: Salas 4 e 5. Primeiro andar

Despois dos seus estudos de Belas Artes e da súa viaxe de fin de carreira a Galicia, comeza a súa andaina artística. Pasa un tempo en Madrid coñecendo os seus museos e os círculos culturais, consegue a Bolsa Velázquez e é pensionado pola Deputación de Sevilla. Despois viaxa a Italia, o que lle achega novos conceptos estéticos, e a súa pintura cambia cara a un expresionismo poético. Durante a Bienal de Teatro de Venecia, coincide con mozos e mozas creadores dos Estados Unidos, de China e de Francia, e asiste con eles ás representacións no Gran Teatro La Fenice. Tamén coñece máis profundamente a filmografía de Fellini, que lle interesa especialmente pola súa achega surreal ao cine.

De volta a España, aproba unhas oposicións en Madrid para profesor de debuxo e, entre as distintas cidades ás que ten opción, escolle A Coruña, que se converterá para el nun novo lugar onde pintar. No ano 1969 chega á Escola de Artes e Oficios, onde ensinou tamén o pai de Picasso. A cidade parécelle elegante na súa arquitectura, con esas enormes galerías acristaladas. Invítano á inauguración da Fábrica de Sargadelos, coñece a Luis Seone e saúda a Isaac Díaz Pardo, con quen posteriormente terá amizade e con que manterá correspondencia, coa súa vigorosa caligrafía; correspondencia que figurará na exposición, así como as cartas recibidas dende A Coruña e as enviadas á rúa Juan Flórez, onde viviu Barreto. En 1971, recibiu un premio de debuxo da Universidade de Santiago de Compostela.

En 1978, instálase en Madrid, cando era catedrático de Artes Plásticas na Escola de Deseño Gráfico, onde foi director en 1986, e é académico correspondente e doutor en Belas Artes da súa cidade natal.

Dende as súas primeiras obras, reflicte as súas inquietudes, como en *Só o misterio nos fai vivir*, ou a desolación da realidade social, como en *Mundo roto*. E a súa figuración transfórmase en surrealista cando as imaxes se ordenan nun mundo onírico, como sucede con *Tempo sen nós*, onde se sente a inmensidade do universo e a fragilidade dos intereses humanos.

Realizou máis de 30 exposicións individuais, tres antolóxicas e unha retrospectiva. A súa obra encóntrase representada en museos e en institucións coma o Museo de Arte Raíña Sofía, a Real Academia de Belas Artes de Madrid, o Concello e a Deputación de Sevilla, a Colección L'Oreal de París, entre outras coleccións de Europa, Xapón e Estados Unidos.

Participou en distintas feiras de arte e en exposicións colectivas que se reflicten en numerosos artigos, ensaios, reportaxes de prensa, radio e televisión.

En 1988, despois de levar trece anos presentando exposicións individuais en varios espazos de Madrid, realiza a súa terceira exposición na Galería Heller. Eugenio Granell, que tamén amosou a súa obra alí, adquiriu o cadro de gran formato *Paisaxe fantástica*, que estivo no

seu comedor ata que pasou a formar parte das doazóns da súa Fundación. A realidade é que, dende que se coñeceron, existiu unha entrañable e interesante amizade entre os dous artistas.

En 1992, Juan Barreto trasládase a Sevilla como profesor de pintura na Facultade de Belas Artes e, aínda que alterna a súa residencia con Madrid, pinta igualmente no seu estudo da Serra de Guadarrama e ten encontros con Granell en actos culturais ou na súa casa de Príncipe de Vergara.

En 1995, Amparo e Eugenio van de viaxe a Sevilla e foron ver con Barreto e coa súa dona Fátima unha exposición de Picasso. Ao día seguinte, visitaron os restos romanos de Itálica e abraiáronos o lugar e mais os mosaicos, despois gozaron dunha amena comida nunha pousada cun bonito xardín, onde conversaron sobre moitos temas, incluída a música, e onde falaron do gran compositor Falla e do seu mestre Pedrell.

En 1998, e por mor do centenario de Federico García Lorca, dedícalle unha exposición ao gran poeta no centro cultural Manuel de Falla de Granada, con obras pintadas durante anos; de feito, aínda hoxe mantén unha continua relación con Coco Falla que dirixe o magnífico arquivo.

En 1999, durante a doazón á Fundación de Santiago de Compostela, coñece o escritor, periodista e entusiasta da arte, Francisco L. Barxas, aos que os une a común admiración pola persoa e a obra de Granell.

En 2001, Barreto retorna a Madrid, onde ten un estudio no Triángulo dos Museos. Retírase como profesor, aínda que sempre tivo unha excelente relación cos seus alumnos. Pero sente que precisa tempo para viaxar de novo a París, Roma, Londres e, especialmente, a Nova York.

. **Gregg Simpson**

Datas: 30 abril – 22 xuño, 25

Comisario: Allan Graubard

Coordinación: Fundación Eugenio Granell

Localización: Salas 4 e 5. Primeiro andar

O artista **Gregg Simpson** é un gran coñecido na Fundación Eugenio Granell. En 2013, a Fundación presentou unha retrospectiva individual do seu traballo, *The Atlantean Years*,

1970-1975, en 2008 a Fundación aceptou o traballo de Simpson na súa colección permanente, e en 2005, o artista participou na exhibición grupal *West Coast Surreal: A Canadian Perspective*.

Agora, Gregg Simpson (artista) e Allan Graubard (comisario) propoñen unha exhibición do novo traballo de Simpson na Fundación Eugenio Granell. ***Homage to the Nabis. The Pont-Aven Suite.***

Este traballo fixo crecer en Simpson un interese nos aspectos máis místicos do grupo Pont- Aven. Liderado por Paul Gauguin, o Grupo Pont Aven rexeitou os métodos impresionistas de pintar por un novo achegamento, destacando o uso expresivo da cor e a simplificación da liña. Como Simpson, moitos do grupo, tamén afondou en varias formas do místico, o oculto e as relixións orientais, o que levou á formación dos Nabis (ou Profetas) cuxos intereses no Simbolismo inspiraron aos Surrealistas.

A exposición que propoñemos céntrase na “coiffe”, o icónico sombreiro das mulleres tradicionais bretoas, cuxos orixes remóntanse aos Druidas Celtas. Destacan os lenzos que presentan alegorías metafísicas definidas con precisión, incluíndo obras onde aparecen formas con túnica en peregrinación, como na pintura de Simpson *The Road to Pont-Aven*.

Tamén incluídas na exposición hai 15-20 obras en papel que o artista creou mentres viaxaba por Europa. Estes traballos en papel, que presentan máis deseños abstractos, Simpson baséase nas reunións de mulleres levando cofias, como se ve nos traballos de Gauguin e os seus compañeiros do Pont- Aven (Bernard, Serusier and Denis).

As exposicións anteriores de Simpson na Fundación Eugenio Granell, e a aceptación da Fundación da súa obra na súa colección permanente, posicionaron a Simpson para outros éxitos, incluíndo a súa participación na gran exposición, *Surrealism Beyond Borders*, realizada no Metropolitan Museum of Art de Nova York e no Tate Modern en Londres en 2021-2022.

As obras de Simpson tamén foron incluídas en importantes estudos sobre o Surrealismo de posguerra, identificándoo como o maior expoñente das perspectivas surrealistas, entre as que se atopan:

Aspects du Surrealisme International Aujourd'hui, Patrick Lепetit (ed.), Votatif 34, Nice, France, 2020

International Encyclopedia of Surrealism, Michael Richardson (ed.), Bloomsbury Academic, London, UK, 2019

Caleidoscopio Surrealista, Una Vision del Surrealismo Internacional 1916-2015, Miguel Perez Corrales (ed.), La Pagina, Miradas, Tenerife, 2015

Il Surrealism. Leri oggi, Arturo Schwarz (ed.), Skira, Milan, Italy, 2014

Open Letter: Surrealism in Canada, Gregory Betts (ed.), Brock University Press, Ontario, Canada, 2013 *L'Univers Surréaliste*, José Pierre (ed.), Editions Somogy, Paris, France, 1983.

. **Alberto Ovejero**

Datas: 30 xaneiro – 4 maio, 25

Comisariado: Eduardo Valiña

Coordinación: Fundación Eugenio Granell

Localización: Sala 1. Primeira planta

Alberto Ovejero (Lugo, 2002) é un artista multidisciplinar, post millenial, con formación en serigrafía artística pola EASD Ramón Falcón de Lugo e un grado superior en Ilustración na EASD Pablo Picasso de A Coruña.

A súa obra está marcada por un forte carácter autobiográfico, apoiándose en diferentes formatos como ilustracións, pinturas, *colaxes* e pezas audiovisuais e cunha gran diversidade de técnicas que van dende o óleo, pasando polo acrílico ata o grafito, aínda que toma o debuxo como principal técnica e expresión.

Ovejero presenta unha reflexión persoal sobre cuestións e temáticas que afectan a súa xeración, como son a diversidade sexual, o xénero ou a saúde mental, conseguindo deste xeito provocar no espectador distintos interrogantes sobre a identidade e a experiencia humana. Afonda o surrealismo e o simbólico, entrelazando os límites da anatomía e a introspección emocional. A súa obra está marcada por unha exploración inquebrantable da forma humana, a miúdo presentada dunha maneira fragmentada e distorsionada que invita ao espectador a un espazo de contemplación e inqueda.

O artista oferta unha linguaxe visual que fala dende a sensibilidade da complexidade da experiencia humana, entrelazando temas como o trauma, o xénero e o queer.

O seu proxecto plástico bebe directamente de referentes do surrealismo para configurar un terreo que funciona como un detonante para levarnos a universos íntimos onde se nos cuestiona dende un proxecto absolutamente único.

. Iago Fernández

Datas: 18 setembro - 14 decembro, 2025

Comisariado: Eduardo Valiña

Coordinación: Fundación Eugenio Granell

Localización: Sala 1. Primeira planta

Iago Fernández, basea a súa creación na "investigación sobre a pegada que deixamos como seres humanos". A través do uso de fotografías antigas e outros elementos como pratos ou cartas do tarot, configura un proxecto, que poderíamos enmarcar dentro da arte conceptual. A súa obra xira xeralmente en torno á temática da memoria xunto con outras cuestións como o paso do tempo, a ausencia fronte á presenza, o máxico, o privado contra o público, etc. Xeralmente emprega material plástico procedente do seu entorno doméstico e familiar ou ben de fontes anónimas.

A súa aposta resulta diferencial e complementaria dentro dos intereses e problemáticas da xeración millennial, parte de investigacións sobre o entorno afectivo relacionado con elementos que unen a preceptos surrealistas, dende o formalismo ata conceptos que divagan dende o esoterismo ata o entorno onírico.

Graduado en Belas Artes pola Universidade de Vigo e cun Mestrado en Creación e Investigación en Arte Contemporánea, o artista ten participado activamente en exposicións dentro da rede de museos galegos, nacionais e internacionais.

No ano 2020 acada o primeiro premio no certame *Xuventude Crea* da Xunta de Galicia, resulta finalista no *Certame Novos Valores* da Deputación de Pontevedra, e participa activamente noutras iniciativas artísticas, ademais de propostas individuais e colectivas.

. **Lúa Gándara. Artista en residencia IX Edición**

Datas: 30 outubro, 25 – 26

Comisariado: Eduardo López Valiña

Coordinación: Fundación Eugenio Granell

Localización: Salas 4 e 5. Primeira planta

Lúa Gándara (O Porriño, 1988) é unha artista multidisciplinar graduada en Belas Artes pola Universidade de Vigo, cun posgraduado de Creación Sonora na Universidade de Barcelona e un mestrado de Profesorado en Educación Secundaria na especialidade de Artes e Debuxo.

A súa carreira artística desenvólvese dende o ano 2006 con diversas exposicións de carácter tanto individual como colectivo. Neste último ámbito, traballa non só a nivel rexional, se non que desenvolve a súa arte en diferentes partes de España con diferentes exposicións como *Feliz no cumpleaños* na Vlab Gallery de Madrid (2024), *Proyecto Ambiente* (Centro de Cultura Can Gelabert, Binissalem, Mallorca, 2023) ou o *Feat Project*. Ira Torres que presenta na 95 Galería (Madrid) e no Centro Joaquín Roncal (Zaragoza) no ano 2023.

A súa obra plástica foi seleccionada e exposta en diversos certames como a 15ª mostra MAC, museo de Arte Contemporáneo Fundación Naturgy, o Premio Artistas do Alto

Minho e Galiza 2016 da Fundación Bienal de Cerveira, o VIII Premio para Novos Artistas Auditorio de Galicia ou a X Bienal Internacional Pintor Laxeiro, entre outros. Obtivo o Primeiro Premio “Novos talentos luso-galaicos” na “IX Bienal de Pintura Premio Eixo Atlántico” e o terceiro premio de poesía no certame *Xuventude Crea* 2014. En 2021 gañou o premio “IX Concurso de Intervencións Artísticas nas Torres Hejduk da Cidade da Cultura de Galicia” e o premio “Xurado Novo” na Sección “Contemporánea” no INTERSECCIÓN Contemporary Audiovisual Art Festival. A súa pintura e personaxe habitan entre a poesía e a arte de acción, sempre con moito humor.

Ademais de como artista, Lúa destaca tamén por tarefas de comisariado e docencia artística, nas que colabora con diferentes identidades do panorama galego, e entre as que destacan un taller de Pintura Contemporánea no Museo de Pontevedra (2022) ou a exposición “Los Colores de la Alegría” (2024), na que comisaría a obra de Manuel Piñeiro no Liceo.

2. ACTIVIDADES CULTURAIS

. VALLE-INCLÁN EN COMPOSTELA

A Fundación Eugenio Granell mantén unha estreita colaboración co Museo Valle-Inclán da Pobra do Caramiñal. O **7 de marzo**, como en cada edición, a efíxie de Valle-Inclán situada no compostelá parque da Alameda, será abrigada cunha bufanda vermella.

Este acto, que vén realizando a Fundación Eugenio Granell dende o ano 2007, quere establecer unha conexión coa famosa colocación da bufanda branca na estatua de Valle-Inclán, no paseo de Recoletos, en Madrid, o día do teatro; pero neste caso para conmemorar o regreso real e simbólico de Valle a Compostela e a Galicia a súa terra de orixe, o 7 de marzo de 1935.

. MARATÓN DE LECTURA

A Fundación Eugenio Granell levará a cabo un ano máis o Maratón de Lectura cumprindo co seu obxectivo de promoción e apoio á literatura. Esta actividade, non só pon de relevo a obra literaria de Eugenio Granell, senón tamén a doutros escritores, internacionais ou nacionais, cuxa vida e obra, pódense relacionar coa figura de Eugenio Granell e o surrealismo, destacando tamén os maratóns dedicados a escritores exiliados amigos de Granell. A actividade iniciouse no ano 1998 con Federico García Lorca, artista moi admirado por Eugenio Granell.

Unha actividade que sempre cumpriu co noso obxectivo de ser un maratón aberto á participación de toda a cidadanía e contribuíndo á participación da sociedade civil nos museos, con especial atención as mozas, mozos, terceira idade e colectivos con risco de inclusión.

O ano 2025 coa **celebración do 30 Aniversario** da Fundación e tendo en conta que esta é unha das actividades iniciadas ao comezo da nosa traxectoria, queremos facer un maratón especial dedicado a todas aquelas persoas, asociacións, institucións que estiveron participando todos estes anos e que contribuíron coa súa colaboración ao éxito da actividade.

. CELEBRACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO (abril)

Co motivo da celebración do *Día Internacional do libro* (23 abril) a **BIBLIOTECA da Fundación Eugenio Granell** sae a rúa coa realización de dúas actividades:

. **"Libro por libro"**: pequena feira de troco de libros. Desde o ano 2011 a biblioteca da Fundación Eugenio Granell conta con publicacións duplicadas (novas e usadas) nas áreas de arte, cultura ou ciencias sociais; así como libros que edita a propia Fundación. Todos se porán a disposición do público en xeral co fin de intercambialos por outros títulos de interese para a institución. En anos posteriores esta iniciativa foi seguida por outras bibliotecas.

. **Bookcrossing**: dende o ano 2009 a biblioteca da Fundación participa na campaña de Bookcrossing ou Liberación de libros, xunto con outros centros de arte de toda España coordinados polo Museo ARTIUM de Vitoria-Gasteiz. O Día do libro pretendemos ateiagar de libros de arte as rúas de cada unha das cidades que participan nesta actividade.

. **CELEBRACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DO RESTAURADOR DE OBRAS DE ARTE** (27 xaneiro)

Co motivo do Día Internacional do Restaurador de obras de arte, o **Área de CONSERVACIÓN-RESTAURACIÓN** realizará as labores de preventiva das exposicións en curso dos fondos da Fundación, acompañados do público interesado, xerando unha oportunidade no visitante de observar parte das tarefas que se levan a cabo cando o museo está pechado. O persoal técnico do museo resolverá as súas curiosidades, dúbidas etc. sobre o seu traballo e as obras expostas.

Entrada libre

Público xeral

Días: 27 xaneiro.

Horarios: 11:00-12:00 //12:30-13:00

. **CELEBRACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DOS MUSEOS** (18 maio)

Dende a Fundación Eugenio Granell, en colaboración co Centro Galego de Arte Contemporánea, Museo do Pobo Galego, Museo das Peregrinacións, MHN, Museo Casa da Troia, MUPEGA e Museo da Catedral organízanse xornadas de diferentes actividades, tanto individuais como en colaboración con estes centros, que van dende a música, visitas guiadas, xornadas de portas abertas, danza, performances ou diferentes talleres para os máis pequenos.

Ademais os fondos do museo teñen un lugar destacado, realizando visitas que amosan o rico patrimonio que conforma os nosos fondos, así como os traballos que se desenvolven no eido da restauración.

. **Visita conservada. Outra forma de mirar.** A **ÁREA DE CONSERVACIÓN** da Fundación Eugenio Granell abre un ano mais as portas dos almacéns de arte e do taller de

restauración, co motivo da celebración do *Día Internacional dos Museos* (18 de maio), que inclúe unha visita guiada ás exposicións e ao edificio para realizar un percorrido a través da

mirada da conservadora-restauradora do museo que "lerá" o contido e os espazos dende un punto de vista técnico pero cun discurso accesible o público non especializado. Poñendo en valor os diferentes axentes culturais que participan na conservación e difusión do patrimonio e "xogando" de modo transversal co tema presentado polo ICOM no ano en curso (aínda pendente) creando un ambiente de debate e surrealismo.

Entrada libre

Público xeral

Día 15 maio

Horarios: 12:00h-13:30h / 16:30-17:30/ 18:00h-19:00h

Grupos reducidos. 8 persoas máximo

. A MIÑA PEZA FAVORITA

A Miña Peza Favorita iniciouse no ano 1997 e consiste en seleccionar unha peza, entre todas as que forman parte das coleccións da Fundación Eugenio Granell, para que o invitado elabore un comentario persoal cunha nova visión desde unha perspectiva actual. Esta actividade está aberta a calquera persoa interesada tanto na Fundación como na arte ou na figura de Eugenio Granell, contando tamén coa participación de persoas relacionadas con diversos ámbitos como a arte, a educación ou a comunicación.

Este ano os participantes nesta actividade, que terá lugar un martes ao mes desde febreiro ate xuño, ás 19.00h, serán:

. **RUTH MONTIEL ARIAS.** Graduada en Artes Aplicadas na Escola Superior de Arte e Deseño Pablo Picasso da Coruña, Ruth realizou másters de fotografía (EFTI) e Identidade Corporativa (Escola Elisava) e, antes de obter a citada bolsa do MAC, foi finalista no certame FotoPrés de La Caixa (2015). O activismo, fundamentalmente o que ten que ver cos dereitos dos animais e a defensa do medio natural, é a base do traballo de Ruth Montiel Arias. Na Arxentina e tras traballar algo antes en Perú no desenvolvemento de "Sen ouro non hai home", o proxecto que comezou a desenvolver tras resultar beneficiaria dunha das Bolsas de Creación Artística no Estranxeiro Gas Natural Fenosa 2015. Ruth tamén foi unha das impulsoras da asociación Capital Animal, unha plataforma dedicada a organizar proxectos culturais en defensa dos animais.

. **DIEGO SANTOMÉ.** Artista plástico nacido en Vigo en 1966, participou en exposicións como "Indisciplinados" no Museo de Arte Contemporánea de Vigo e na Bienal de Videoarte en Israel, ademais de realizar mostras individuais en Artium e na Galería Pilar Parra de Madrid. A súa obra máis recente presentouse na exposición "Sen xeración" no Auditorio de Galicia e na Bienal de Pontevedra. Santomé busca unha expresión socialmente implicada, recuperando tradicións artesanais para achegar a distancia entre artista e público. Utiliza obxectos comúns, como bólas de billar americano, situados en espazos indeterminados, retando a atención do espectador e conectando coa obra de Patrick White. O seu enfoque combina instalación e elementos móbiles, presentando unha estética vangardista que se relaciona con estudos sociais.

. **SARA DONOSO**. Doutora en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela e ten estudos en Belas Artes, ademais de dous másters. A súa carreira céntrase en dinamizar a cultura e a arte, dando visibilidade aos artistas a través de textos, proxectos didácticos e exposicións. Traballa como comisaria e mediadora para institucións como o CGAC e a Fundación DIDAC, ademais de ter coordinado a programación expositiva da Sala Alterarte no Campus de Ourense. Entre as súas últimas exposicións destaca "Unha mirada a Galicia. Colección CGAC". Como crítica, colaborou con diversos medios e foi recoñecida co Premio Talento Mozo na modalidade de Cultura e Creación no 2020.

. **ALBERTO MANCEBO**. Xornalista e escritor galego. Licenciado en Xornalismo pola USC na especialidade de radio e televisión, completa a súa formación en Liverpool. Desde 2004, traballa para a Televisión de Galicia, viaxando por Europa, Canadá, Brasil e Panamá. Durante cinco anos foi correspondente en Portugal e, despois, regresou a Galicia, dende 2023 presenta o Telexornal. No 2023 publica a súa primeira novela, *O que me quedaba por dicirche*, a súa segunda publicación, *Indoilente*, gañou o premio Manuel Lueiro Rey de novela curta.

. **SUSANA GONZÁLEZ**. Licenciada en Belas Artes por la UPV, máster en enxeñería da Valoración de Activos Artísticos pola Universidade Politécnica de Valencia con tese en Historia da Arte pola USC. Fundou e dirixiu a consultoría de arte Consultarte, adicada á elaboración de proxectos culturais e a asesoría artística. Foi profesora invitada nas últimas edicións do Máster en xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico, Museos e Mercado da Arte na USC. Codirixe o programa CHARCO, un proxecto de investigación e transversalidade creativa entre Europa e Latinoamérica. Ademais, é a comisaria e directora da Colección de arte Fundación María José Jove. Entre os seus comisariados máis recentes atopamos a exposición Prosa del Observatorio, de Adriana Bustos (Museo de Arte Contemporáneo de Castilla y León, MUSAC); Lugar: contingencias de uso, mostra de obras site-specific das artistas Patricia Esquivias, Luciana Lamothe e Sofía Táboas (Centro Galego de Arte Contemporánea de Santiago de Compostela, CGAC); Celda Unidad, de Regina de Miguel e Sergio Prego (Instituto cultural de León, Guanajuato); CABRITA. WORK (Always) IN PROGRESS (Centro Galego de Arte Contemporánea de Santiago de Compostela, CGAC) ou La última de las tribus, de los artistas Zazil Barba, Pedro Cabrita Reis, Jose Dávila, Maria Taniguchi (Museo de Zapopán, Guadalajara-México).

. **JORGE LINHEIRA**. Foi xefe do Servizo de Infraestruturas Culturais do Concello de Pontevedra. Anteriormente técnico do Centro de Interpretación do Patrimonio da Aula da Ría do Concello de Paderne [paraíso entre ríos], e traballador autónomo do precario ecosistema cultural de Galicia. Licenciado en Ciencias Políticas e da Administración pola Universidade de Santiago de Compostela (USC), cun máster en Recursos Humanos pola USC e outro en Xestión Cultural pola Universidade de Valencia. Autor do libro *La cultura como reserva india*, treinta y seis años de políticas no culturales en Galicia, investigou sobre as políticas culturais da Deputación da Coruña e colaborou coa revista Luzes e con Praza.gal.

. VISITA AO PATRIMONIO MUSEOGRAFICO E BIBLIOGRÁFICO DA FUNDACIÓN EUGENIO GRANELL

Ciclo de **visitas guiadas** coa finalidade de dar a coñecer o rico patrimonio, tanto artístico como documental, que alberga a institución.

As visitas realizaranse ás bibliotecas, entre elas á **BIBLIOTECA GRANELL**, unha colección de máis de 14000 volumes, que foron compilados ao longo da vida do artista e que levou consigo no seu periplo vital; e a **Área de CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN** onde poderán verse os almacéns coas obras das diversas coleccións legadas a Santiago por Eugenio Granell e a súa esposa Amparo Segarra.

Estas visitas gratuítas levaranse a cabo durante todo o ano dous día ao mes a determinar según as actividades do mes

. ENCONTROS AMERICANOS NA GRANELL ORGANIZADOS POLO GRUPO DE HISTORIA DE AMÉRICA (HISTAMÉRICA) DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Os Encontros Americanos na Granell teñen como fin ofrecer un espazo aberto de diálogo, ideas, debate e reflexión arredor de América a través dun programa de conferencias mensuais que abordarán temas culturais, políticos, sociais, económicos ou de actualidade, de interese público e carácter divulgativo.

Os Encontros terán lugar na Fundación Eugenio Granell, un mércores ao mes, ás 19.00h, durante os meses de xaneiro a decembro, cun parón estival nos meses de xullo e agosto. Están organizados polo Grupo de Historia de América (HistAmérica) da USC, e cofinanciados pola Vicerreitoría de Estudantes e Cultura a través da súa convocatoria de axudas de dinamización cultural.

Os seus participantes serán especialistas procedentes do ámbito académico americano, español ou europeo, así como profesionais vinculados á realidade da rexión nas súas múltiples facetas.

. CHARLAS NA BIBLIOTECA

Desde o ano 2011, que se incorporaron á nosa Fundación a Biblioteca e o Arquivo persoal de Eugenio Granell, foron moitos os investigadores que se achegaron ao seu legado para a realización dos estudos sobre o artista.

A Biblioteca da Fundación traballa pola difusión social da obra e figura de Granell, pretendendo animar a potenciais investigadores a achegarse a este polifacético artista a través dos nosos fondos. A biblioteca está aberta a que as persoas investigadoras expoñan nela o resultado das súas investigacións.

Este ano están proxectada as charlas de:

- ***Eugenio Granell y Santiago de Compostela: la historia de un pazo.*** Por Clara Permuy Pérez. Graduada en Historia da Arte pola USC. (marzo-abril)
- ***Eugenio Granell: O surrealismo nas Islas do Caribe e a Alquimia na exhibición da***

Galeria À l'Etoile Scellée. Por Noelia Gamallo Gómez. Máster en investigación en Historia da Arte, Sorbonne - Paris IV (maio-xuño)

. APERTURA DA BIBLIOTECA INFANTIL

Na segunda planta do Museo, no Lucernario, abriremos unha biblioteca con libros especializados para os máis pequenos.

. ACTIVIDADES/ MUSEO COMO PUNTO DE ENCONTRO FÁBRICA - EXPERIMENTACIÓN

O museo como espazo de experimentación, a través de proxectos relacionados e contextuais, xerando contidos a través de proxectos que fagan do museo un espazo de creación e un punto de conexión dende diferentes axentes e propostas para acoller unha ampla diversidade de públicos.

. ALBA CASAS (1996, As Neves) artista multidisciplinar, investigadora cuir e xestora cultural no rural.

Na actualidade atópase realizando a tese doutoral "Lobes Salvaxes. Cartografía dunha resistencia queer en Galicia". O seu traballo caracterízase por rastrear e redescubrir corpos e seres que resisten máis alá da orden, establecendo Galicia e o espazo rural como centro [local]. Encóntrase entre os afectos e as representacións do salvaxe na cultura occidental a través das lóxicas binarias que a establecen, detectando as fisuras dos relatos hexemónicos para friccionar a realidade e redefinila.

A súa práctica caracterízase por fusionar e desbordar a práctica artística e investigación académica nun facer híbrido traspasado ao cotián a través da construción de novos espazos no rural, colectivos e redes asociativas. Móvese entre o audiovisual e a construción de instalacións que se adaptan e fusionan co entorno e o espazo, respectando o medio, pero buscando as súas posibilidades de transformación".

. LENA FERNÁNDEZ. Nada en Santiago de Compostela, é una actriz e artista multidisciplinar. Dende una idade temperá amosou un profundo interese polas artes escénicas, a pintura e a escritura.

A súa formación académica inclúe estudos de interpretación e artes visuais, o que lle permitiu desenvolver un enfoque único.

Lena actuou en numerosas producións televisivas e teatrais, pero o seu traballo non se limita só a actuación, tamén se desenvolve na dirección creativa, así como a ilustración e a poesía, fusionando diferentes disciplinas artísticas.

Polo seu compromiso coa creatividade e a súa mirada sempre cara o futuro, continúa explorando novas formas de expresión e colaborando con outros artistas.

. SERGIO MAREY. Comezou a súa formación na música tradicional como cantareire e pandereteire aos 14 anos, formando parte de diferentes grupos como Cantareiras de Pol ou Gaia Pandereteiros.

Unha vez tida a maioría de idade titúlase en Deseño de Moda e realiza un Máster en Deseño e Confección de Bolsos no Instituto Europeo de Design (IED) en Madrid. Durante este tempo comeza a desenvolver diferentes traballos no mundo da moda, como modelo, estilista e vestidor en desfiles. Tamén desenvolve as súas primeiras coleccións (ou series téxtis como el lles chama), presentándoas a través de performace e fashion films en Fashion Weeks como a de Rumanía e Madrid e en festivais de cine como o Queer Porto (Portugal) ou o Athenes Fashion Film Festival (Grecia).

En 2019 regresa a Galiza e comeza a traballar coa deseñadora María Barros, na Coruña para logo voltar en 2020 a Lugo, tempo no que decide abrir a galería Solaina en Lugo. Así comeza a súa nova faceta como curadore e xestore cultural, realizando proxectos expositivos e culturais tanto dentro da galería como para institucións como o Museo Provincial de Lugo, a Deputación de A Coruña, o Festival Intersección, o Concello de Lugo entre outras. Salienta tamén o seu papel como co-organizadore da Feira de Fanzines e Autoedición Vaia Vaia de Lugo e das Residencias Ao Caraño! en Pol (Lugo).

Durante este tempo as súas creacións vanse afastando da moda e experimenta con novas linguaxes o que lle leva a realizar diferentes creacións que van dende a performance, a escultura, a instalación ou a escrita. Estas pezas van ser amosadas en mostras individuais e colectivas en lugares como o Museo Reina Sofía de Madrid, o Festival MMMad Art Madrid, A Fundación Eugenio Granell, o Auditorio de Galiza, o Festival de Poesía Lupercais ou a Galería CUTO (Madrid). Con estas novas creacións é galardonade co 1º Premio de Artista Novos do Auditorio de Galiza en 2023 así como é seleccionade para residencias como As Paraíso en Vimianzo (A Coruña) ou o Encontro de Artistas Novos (Santiago de Compostela).

Forma parte tamén de diferentes asociacións e colectivos e en 2023 foi nomeade Presidenti da Asociación Profesional de Artistas de Galiza AColectiva.

. ELENA SALGUEIRO / MASAKO HATTORI

. **Elena Salgueiro.** Directora de escena, poeta, performer, dramaturga e investigadora galega nada no 1995.

É co-integrante de o LAB.corps xunto con Masako Hattori e editora convidada en De Corpos Presentes. Autora dos poemarios *Intermitencia da Cidade* (2012, Premio de poesía Avelina Valladares), *As Flores* (2016, Premio de poesía Rosalía de Castro), a obra de teatro *Todas as illas son unha illa* (2021) e tradutora de *Beats* de Kieran Hurley (2022).

Os seus traballos escénicos foron amosados en Galiza, Portugal, España, Suecia, Reino Unido e Arabia, coproducidos polo Centro Dramático Galego e o Festival Internacional de Teatro do Alentejo e comisionados polo Festival Contradança, o Dance Base (National Centre for Dance of Scotland) etc.

Imparte workshops e conferencias en distintas universidades e museos (UDC, USC, CGAC, UNL, UCLM...) e participa en numerosas antoloxías de poesía galega e publicacións académicas arredor das artes performativas.

Tamén é activista política, tendo militado en colectivos como Creadoras Feministas en Galiza, o Seminario de Estudos Libertarios Galegos (SELG), a editorial anarquista Ardora (s)edicións e as Assembleas Abertas Independentistas.

. **Masako Hattori.** É Xaponesa e vive en Santiago de Compostela dende o ano 2009. Depois de traballar unha década no grafismo ao Xapón, trasládase a Francia para ampliar os seus estudos en arte. Desde alí, os seus intereses sobre os espazos arredor dos seres vivos seguen a experimentar persoalmente ou cos diferentes colaboradores, coas súas linguaxes de traballo; vídeo instalación, performance, arte escénica, vídeo documental... etc., coas compañías de teatro, de danza e os músicos en Francia, Portugal, Bélxica e España.

Á marxe da creación e do traballo concreto sobre imaxes, a procura da dimensión poética e sensorial está moi relacionada coa súa práctica de movemento diaria onde sente o seu espírito completamente libre. Creadora e co-integrante de o LAB. corps xunto con Helena Salgueiro e editora convidada en De Corpos Presentes. Licenciada en artes plásticas polo colexio universitario de bellas artes de Kyoto (Xapón), na Escola Superior de Arte de Aix-en-Provence (Francia); Maior grao de expresión plástica (DNSEP) con mención, especialidade de vídeo, debuxo, son e performance (Francia).

Profesora adxunta da Universidade de Artes de Kyoto (1998-2002). Traballa como deseñadora gráfica en Xapón (1991-), traballo que continúa hoxe desde España.

. PROGRAMA USC

A Fundación Eugenio Granell levará a cabo proxectos de colaboración con diferentes departamentos de diversas facultades da Universidade de Santiago de Compostela.

- Xornalismo: Uki Permuy
- Historia da arte: Miguel Anxo Rodríguez
- Ciencias da educación: Cristián Trigo.

. ROTEIRO "SANTIAGO DE COMPOSTELA A TRAVÉS DA MIRADA DE EUGENIO GRANELL"

Continuamos coas visitas "Santiago de Compostela a través da mirada de Eugenio Granell". Unha visita guiada baseada no libro de Eugenio Granell "Memorias de Compostela".

A visita ofrece un percorrido polas rúas de Compostela a través da mirada do libro de Eugenio Granell, Memorias de Compostela, visitando os lugares emblemáticos que formaron parte dos anos de mocidade que o artista viviu en Compostela.

Impartida por: Cristina Carballedo, guía de turismo de Galicia.

Prezo da visita: 10€ (inclúe unha entrada ao Museo)

. TALLER DE MONTAXE DE OBRA DE MANUELA DÍAZ

Taller de montaxe de obra

Meses: Marzo, abril, maio, xuño

Días: Martes

Horario: 17.00h a 18.30h.

O taller de montaxe teatral está dirixido a persoas que desexen representar unha obra de teatro, sen importar se teñen experiencia ou non. Traballaremos sobre a posta en escena dunha comedia de teatro, ensaiaremos as escenas por separado e a creación dos seus personaxes. Para completar a experiencia representaremos a obra ante o público ao finalizar os encontros.

Manuela Díaz: actriz arxentina e profesora de teatro. Actualmente forma parte do proxecto Ola Hello O Musical. Desde hai máis de 15 anos organizou os seus propios Talleres de Teatro en diversos Espazos Culturais, Estudos de Teatro entre Bos Aires e Madrid.

. DÍA INTERNACIONAL DO PATRIMONIO (16 novembro)

. Coleccionamos?

A **ÁREA DE CONSERVACIÓN** da Fundación Eugenio Granell retoma unha nova edición deste proxecto colectivo e de colaboración de difusión dos fondos artísticos e bibliográficos do museo que non se atopan en exposición e dos traballos relacionados coa súa investigación e exhibición, para celebrar o Día Internacional do Patrimonio (16 novembro).

O público participa seleccionando a través das redes sociais obras dos fondos, tendo a posibilidade de visitar o museo e ver os orixinais dun modo privado. Unha experiencia dirixida ao público interesado en participar nun espazo para coñecer, reflexionar e gozar coa Arte e o Patrimonio. A unión do mundo e recursos virtuais e físicos da lugar a un binomio definitorio do contexto social actual.

Día 16 novembro (*on line*)

Día 17 novembro. 12:00-13:00 (*of line*)

. CELEBRACIÓN DO NATALICIO DE GRANELL E AMPARO DO 28 DE NOVEMBRO AO 9 DE DECEMBRO

Como vén sendo habitual dende o 2001, ano do falecemento de Eugenio Granell, a Fundación Eugenio Granell celebra a data do nacemento de Eugenio Granell organizando diferentes actos creados ex profeso para cada aniversario e, a partir do 2021, engadimos a celebración do aniversario de Amparo.

. COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE FAMILIARES E AMIGOS DOS ENFERMOS MENTAIS "FONTE DA VIRXE".

Seguindo os principios de Eugenio Granell que xa colaboraba con donativos con este tipo de Asociacións, a Fundación Eugenio Granell, mantén dende o ano 2002, a colaboración coa *Asociación Fonte da Virxe de familiares e amigos dos enfermos mentais* que mantén a súa loita contra o estigma e a discriminación das persoas con enfermidade mental.

Dita colaboración consiste na realización dunha mostra onde se amosan os traballos realizados no Centro de rehabilitación e no Centro Ocupacional da Asociación. Esta actividade xa se converteu nunha tradición que se celebra na Fundación polas datas de Nadal. A mostra está composta por obras realizadas en diferentes técnicas e formatos, dende o traballo con cerámica, coiro, encadernación...

O obxectivo desta exposición é seguir tentando que a cidadanía coñeza o traballo que realizan estas persoas, e o labor desenvolvido pola Asociación a prol de lograr que este colectivo forme parte activa da sociedade. Persigue tamén, facer un chamamento á sociedade para eliminar os atrancos existentes para a necesaria integración social e laboral deste colectivo.

. CERTAME DE ARTE ESCOLAR

Unha actividade que vense realizando dende o ano 2004. A Fundación Eugenio Granell convoca este ano o **XX Certame de Arte Escolar**.

Poderán concorrer a este certame todos os escolares residentes en Galicia de idades comprendidas entre os tres e cinco, e seis e doce anos.

A finalidade do concurso é promover a creación plástica entre os nenos/as, que presentan as súas obras, que serán seleccionadas por un xurado que determinará os gañadores, ademais dun premio do público.

. BELÉN SURREALISTA

Como todos os anos, nas datas de Nadal, na entrada do Museo, mostramos un Belén realizado coas pezas pertencentes aos fondos da Colección Étnica da Fundación Eugenio Granell.

.AS COLECCIÓN. ÁREA CONSERVACIÓN-RESTAURACIÓN. REXISTRO DE OBRAS

Dende o ano 2001, fóronse desenvolvendo unha serie de actuacións encamiñadas á xestión técnica das coleccións, a súa conservación e restauración, estudo, documentación e control de movementos. Trabállase non só coas coleccións museográficas e bibliográficas do museo, senón tamén con pezas depositadas temporalmente para exhibicións.

Nos últimos anos incorporouse unha nova liña baseada na educación patrimonial e a conservación. Propoñendo actividades puntuais cuxo obxectivo principal é concienciar sobre a importancia da protección dos bens culturais, como parte da memoria e da cultura da sociedade local e global.

Este **programa de educación patrimonial da Área de Conservación-Restauración** ten como obxectivos xerais: Concienciar sobre a importancia da preservación dos Bens Culturais e do Patrimonio en tódalas súas formas, por parte da cidadanía e das institucións. Un proxecto común. Educar dun modo crítico aos cidadáns de tódalas idades, sobre a importancia de ser coidadoso e responsable co Patrimonio. Valoralo, respectalo e gozalo,

como parte da nosa cultura e identidade. Dar visibilidade aos traballos de profesionais especializados que van vinculados ao coidado, investigación e difusión do Patrimonio e da súa importancia.

. DIFUSIÓN AO EXTERIOR DOS NOSOS FONDOS. MOVEMENTOS EXTERNOS 2025

Os préstamos solicitados para o ano 2025, na data de realización da programación son:

. Exposición: "1924. Otros surrealismos"

Localización: Fundación Mapfre. Sala Recoletos. Madrid

Datas: inauguración e clausura: 04 02 2025 – 11 05 2025

Obras solicitadas: 2. Autor: Eugenio Granell. N.º Inventario: F0 027, Amparo Segarra y Eugenio Granell 2031

Valor de seguro: 180.900,00 €

Comisario/s: Estrella de Diego, Didier Ottinger y Marie Sarré

Sinopse: Partindo do proxecto conmemorativo do centenario do Manifesto Surrealista en París, a mostra en Madrid matiza un pequeno xiro, para incorporar artistas e fotógrafos locais "surrealizantes" e esquecidos ou non tan coñecidos fóra de España. O proxecto aborda, entre outras cousas, a fortuna crítica do Manifesto, as repercusións en España do Surrealismo e o papel real das mulleres no grupo.

. Exposición: "Joguines d'artista: un segle d'entremaliadures il·lustres"

Localización: Museu del Joguet de Catalunya. Figueres

Datas: inauguración e clausura: verán, 2025

Obras solicitadas: 1. Autor: Eugenio Granell, N.º Inventario: FD 124

Valor do seguro: 2.000,00 €

Comisario: Oriol Vaz-Romero Trueba

Sinopse: Exposición da colección de xoguetes do artista Josep María Joan Rosa, fundador do *Museo del Juguete* de Figueras, no ano 1973, baixo o impulso de Joan Brossa e Vázquez Montalbán, dialogando con pezas invitadas, como o caso das obras e documentos das coleccións de Eugenio Granell.

. Exposición: Surrealismos cotiáns [working title, pode que se engada un subtítulo].

Localización: Museo Etnolóxico de Ribadavia

Datas inauguración e clausura: verán, 2025

Obras solicitadas: a determinar

Comisarios: Museo Etnolóxico de Ribadavia e Fundación Eugenio Granell

Sinopse: Inspirándose na ollada humorística, lúdica e surrealista de Eugenio Granell e nos obxectos cotiáns que conforman a súa colección de ready-made e ensamblaxes

(obxectos encontrados e construcións), o Museo Etnolóxico quere convidar ás persoas visitantes a unha viaxe de reflexión e xogo pola súa colección estable.

Conceptos como estrañamento versus familiaridade, a resignificación dos obxectos, o poder da linguaxe ou as lecturas contextuais son algúns dos temas que se explorarán nesta mostra que pretende poñer en valor a estética e o misterio das cousas diarias. A terceira voz neste coloquio entre as pezas da Fundación Granell e as do Museo Etnolóxico serán as propias persoas visitantes, quen serán interpeladas e invitadas a participar no acto creativo de buscar o surreal do día a día.

. **ÁREA DIDÁCTICA**

Creada no ano 1997, pretende estimular a reflexión e o espírito crítico das persoas que nos visitan. O obxectivo é crear un espectador/a activo/a que non só teña a posibilidade de comprender o que ve, senón que tamén poida desenvolver a súa creatividade dentro da nosa institución. Deste xeito, o obxectivo principal é facilitar a comprensión e reflexión das distintas mostras. Dende a súa creación ata hoxe xéranse actividades arredor das diferentes exposicións temporais, dende visitas guiadas a visitas-taller.

As visitas guiadas individuais ou en grupo: Consisten nun percorrido de 45 minutos de duración polo centro, dando a coñecer a figura de Eugenio Granell, resaltando a importancia da ética do artista e do movemento surrealista. O fin fundamental consiste en ofrecer unha completa información sobre os contidos do museo, explicando as distintas mostras e as características da Fundación.

Difusión de proxectos didácticos en colaboración con centros de ensino: A Fundación Eugenio Granell leva dende o 2008 realizando un labor de difusión do legado surrealista granelliano nos centros de ensino a través de proxectos específicos onde os docentes reflexionan na aula sobre o feito creativo, reinterpretando obras clave na traxectoria artística de Eugenio Granell. No pasado contamos coa colaboración de distintos centros que amosaron o resultado plástico baseado en diversas obras do artista, co fin de desenvolver a sensibilidade, observación, expresión e orientación espacial, así como o gusto e goce da arte dos máis pequenos.

. **ÁREA BIBLIOTECA, ARQUIVO E DOCUMENTACIÓN**

Esta área do museo comprende tres Bibliotecas, Biblioteca e Arquivo persoal de Eugenio Granell, a Biblioteca Philip West, ademais da Biblioteca do Museo. Os seus servizos están dirixidos ao público en xeral, investigadores e comunidade educativa: estudantes, educadores, artistas, persoal do museo, etc.

A Biblioteca e o Arquivo persoal de Granell é unha peza clave no estudo da súa personalidade artística e humana, así coma o estudo de toda unha xeración marcada pola Guerra Civil e o exilio. Componse dun fondo de máis de 15.000 volumes que foron recompilados ao longo da vida de Granell. Trátase dunha Biblioteca profesional, práctica e

universitaria. Ademais da temática surrealista, correntes afíns a esta e á arte en xeral, cóntase cun importante número de volumes sobre a Guerra Civil e o exilio, así coma edicións doutros ámbitos como a psicoloxía, a literatura, a antropoloxía ou a socioloxía.

A Biblioteca Philip West contén 753 documentos de gran importancia que West, con quen Eugenio Granell mantiña unha estreita amizade, doou á Fundación no 1997.

Por último, a Biblioteca do Museo foi inaugurada en xaneiro de 2001 e está especializada na arte surrealista, ademais de conter fondos de disciplinas como arte contemporánea, audiovisuais, fotografía ou literatura.

A Biblioteca leva a cabo **visitas guiadas individuais ou a grupos**, centradas en estudantes universitarios co obxectivo fundamental de ofrecer unha completa información sobre os nosos fondos.

O día 9 de xuño para celebrar o *Día internacional dos arquivos* farase unha visita ó arquivo persoal de Eugenio Granell.

No noso espazo, terceira planta do museo, continuamos a albergar pequenas exposicións relacionadas coa biblioteca. Unha maneira dinámica de descubrir os fondos da biblioteca.

. PROGRAMA DE PRÁCTICAS E VOLUNTARIADO

Na **Área de Conservación-Restauración** o programa de *Formación: persoal de prácticas e voluntariado* seguindo a liña da educación patrimonial, a Fundación implícase co sector formativo máis especializado, colaborando con universidades e axentes culturais na formación de futuros profesionais. Este ano, esta área, acollerá:

- 1 alumno en prácticas da *Escola Superior de Conservación Restauración de Bens Culturais de Galicia* (Pontevedra), no apartado de conservación-restauración e produción de exposicións.

- 1 alumno en prácticas do Master Xestión de Patrimonio e Mercado Universidade de Santiago de Compostela, no apartado de coleccións e produción de exposicións.

Na **Área de Biblioteca**: A biblioteca ven acollendo a colaboradores de voluntariado ou prácticas. Temos un convenio coa oficina do voluntariado da USC e coa Facultade de Filosofía e co Mestrado de Literatura e Cultura.

Persoas voluntarias: 1

Persoal de prácticas: 2

Dende as **Áreas de Didáctica, prensa, exposicións e actividades** cóntase con diferentes equipos de apoio que se conforman con persoal en formación, ven sexa dende os servicios de prácticas ou de voluntariado.

Trátase de que as persoas que compoñen estes grupos acaden a formación necesaria e poidan levar á práctica os coñecementos teóricos aportados dende a academia para desenvolver diferentes proxectos dos que participan activamente no museo.

Estes axentes resultan fundamentais dentro do funcionamento da maquinaria institucional onde apoian o correcto desenvolvemento da actividade, aportan ideas e reflexións que se renovan constantemente nun fluxo continuo de persoas novas.

A maioría destas persoas pertencen ao Master de Xestión de Patrimonio e Mercado da USC, así como ao voluntariado da USC.

Persoal de prácticas: 10

PUBLICACIÓNS

1. Catálogo *As Colaxes de Amparo Segarra Vicente*. Fondos Fundación Eugenio Granell.

Incluirá as imaxes das 110 colaxes de Amparo catalogadas FAS 001 a FAS 110 e 28 colaxes de Amparo e Granell catalogadas de FAS 111 a FAS 138. E textos de tres expertas investigadoras na obra de Amparo, Estrella de Diego, Carmen Gaitán, Semiramis González.

Forma parte dun proxecto iniciado o pasado ano 2023 dentro da subvención da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia de Axudas destinadas a centros museísticos da Comunidade Autónoma de Galicia.

O proxecto titulado *Conservación e catalogación da colección de colaxes de Amparo Segarra nos fondos da Fundación Eugenio Granell* tivo dúas liñas de actuación. Por unha parte dende a Área Conservación-Restauración do museo leváronse a cabo as tarefas que tiñan como obxectivos: preservar a colección de colaxes de Amparo Segarra mellorando as súas unidades de conservación para o depósito, manipulación e sistemas de exhibición. Dar visibilidade e difundir a figura de Amparo Segarra e o seu contexto histórico, social e artístico. Dentro da liña de recuperación do papel da muller na historia da arte e a idea de igualdade encamiñada a que desaparezan as divisións de xénero dentro das coleccións, facendo fincapé no papel de Amparo Segarra.

Por outra banda procedeuse a dixitalización de datos e documentos para a preparación previa do **catálogo das colaxes** da autora nos fondos do museo coa elaboración dunha maqueta borrador para unha futura edición do catálogo que permitirá un mellor acceso ao contido da colección, tanto para o público xeral, integrando a tódolos colectivos, como para investigadores en futuros proxectos de carácter local, nacional ou internacional. Este ano abordaremos a última fase coa publicación deste catálogo.

2. Publicación: 30 Aniversario da Fundación Eugenio Granell

A finais de marzo do ano 1995 creábase en Santiago de Compostela a Fundación Eugenio Granell, un proxecto que se configuraba como un dos referentes máis importantes do Surrealismo Galego, Nacional e Internacional.

A institución configurábase como un lugar de acollida dun extenso patrimonio que se compoñía de diferentes pezas entre as que se atopaba parte da obra máis representativa de Eugenio Granell, unha colección de arte de vangarda onde están obras dos artistas máis representativos dos movementos de transformación plástica do século XX, unha colección de arte étnica, así como outros elementos que completaban un inmenso legado que se incorporaba a unha cidade en plena transformación humana, a nivel cultural e arquitectónico.

Esta publicación recollerá un resumo daqueles acontecementos importantes destes trinta anos con textos e fotos ilustrativas das exposicións e actividades máis destacadas.

DILIXENCIA

A Comisión Executiva da Fundación Eugenio Granell, en reunión ordinaria celebrada o día 12 de decembro de 2024, formulou o Plan de Actuación programación de actividades para o exercicio 2025 incluídos neste documento que se compón de 51 páxinas incluída esta, asinado polos seguintes membros da Comisión Executiva:

Dna. Goretti Sanmartín Rei	
Dna. Belén Hernández Lafuente	
Dna Mercedes Rosón Ferrreiro	
Dna Natalia Fernández Segarra	

NOTA: asinan esta dilixencia todos os membros da Comisión Executiva a excepción de Dona Natalia Fernández Segarra, por ausencia en dita reunión.